


A VERDADE SOBRE O PLAN FORESTAL PRODUCTIVISMO E INCOMPETENCIA

- Cume de Río
- Planta de Compostaxe de Mongá
- Experiencias de educación ambiental nos centros de Ensino
- Obradoiros de reciclado de Papel
- Itinerarios Ecológicos
- Axenda
- Breves
- Libros, e un verde etc.



P.W.P. 300

D

duas leicións de silvicultura racional pola Xunta de Galicia

Xesús Pereiras López

(a propósito da fotografía da capa)

1^a Leición: Lembrades-vos dos montes do Irixo, aqueles que a empresa Celbi-Portugal alugou aos viciños para plantar eucaliptos; alí onde esta empresa permitiu-se arar e aterrazar o monte, con regos seguindo a pendente, para favorecer a erosión, mesmo antes de que fose aprobada pola Xunta a Avaliación de Impacto Ambiental. Como sabedes, cando a desfeita xa estaba consumada saíu a contestación da Consellaria de Agricultura, aló polo mes de marzo do ano pasado:

“Considerando que a escasa cobertura vexetal preexistente non é suficiente para frear o proceso erosivo, provocado pola alta pluviosidade da zona e as fortes pendentes, realizamos esta declaración de impacto positiva”.

Como a cobertura vexetal era pouca había que elimina-la totalmente!

Mas a Consellaria pon a seguinte condición:

“No caso de que a actividade proposta fracase...o promotor quedará obrigado á restauración paisaxística, estética e do meio físico do monte, para evitar danos ou impactos ambientais”.

Pois ben, hoxe, xa pasado un ano, o monte segue como o deixaron as últimas máquinas que o abandonaron, sen tan sequera un pobre eucalipto, só aquel pequeno carvallo, que simbólicamente plantamos na Nogueiroa, segue en pé; quizás a empresa queira deixá-lo medrar para contribuir á restauración paisaxística a que está obrigada...

Visto todo o anterior, debemos supoñer que outra das recomendacións que fai a Xunta quedará para o ano 2030, para cando remate a vixéncia do Plan Forestal. A recomendación é a seguinte: “A conveniencia de repovoar con frondosas as zonas de camiños e vias de saca, de forma que se melloren os aspectos visuais”.

2^a leición: No Plan Forestal, con gran atino, contempla-se a figura dos Parques Periurbanos (iso si,

non sabemos como os van a constituir, xa que todo o deixan na libre vontade dos propietarios...). Pois ben, lembrades-vos que fai cousa dun ano a Consellaria autorizou a corta de vários centos de carvallos no monte Pedroso de Santiago, na única caralleira que queda en todo o monte, e ademais nunha zona que figuraba como parque Periurbano no PXOU do Concello. Menos mal que cando a talá só se cargara a uns poucos carvallos, o Concello mandou paralizá-la. A Xunta contestou que era un proceso necesario para rexjuvenecer as masas forestais. Non hai más a dicer!

Mas a historia repite-se, en Boiro, neste mes de maio, o Concello ven de denunciar á Consellaria de Agricultura, por autorizar a corta de árvores, nun monte que eles tiñan declarado, no seu Plano de Urbanismo, como zona protexida.

Non abriguemos, pois, esperanzas, en torno aos Parques Periurbanos (nen con relación aos poucos aspeitos positivos que poida ter o Plano Forestal), o conservacionismo nunca foi o seu estilo, e non van mudar.

Colaboraron: Xesús Pereiras, Joán Carmona, Manuel Soto, Manuel Antonio Fernández, Xavier Simón, Pilar Barros, Albino Prada, Xaquín Marín e Ramón Varela.
Edición ao coidado do Obradoiro Gráfico de A Nosa Terra. Papel Reciclado 100 %.

UN PASO ADIANTE

Porque o ecoloxismo avanza, os mercadores e os seus poderes usan tamén a cenoura. Crian fundacións co obxectivo declarado de promover a protección do medio ambiente e poñen-lles nomes de animais que eles liquidaron. Apoian revistas nas que a carón de fotos a cor de magníficos exemplares da nosa flora e fauna aparece a propaganda explícita e sofre-se a subliminal das empresas contaminadoras. Invisten en "comunicación".

Fronte a iste buroecoloxismo paniaguado, desde o espacío dos que non o somos, desde o territorio de abaxo, deben agromar publicacións para as que o meio natural de Galiza non sexa nen obxeto de negocio nin cadre bucólico. Que sirvan para coñecer, pero tamén para defender. ADEGA pretende ser unha delas.

Iste número 4 de ADEGA incorpora notáveis mudas sobre os números anteriores que marcan o agromar dunha nova xeira para a nosa revista, unha nova xeira que se define polo seu obxectivo, que non é outro que o de fornecer un punto de referencia escrito a todos os que queren coñecer e defender o noso meio natural, un meio no que as mulleres e homes teñen un lugar e onde a os recursos se apropián e reparten. Tamén eso é obxeto da nosa ecoloxía.

Unha nova xeira que se define tamén polo seu talante. A revista abre-se a todas as persoas e grupos que queran publicar nela xa sexan artículos, notas ou simplemente a referencia dos actos que celebraron ou van celebrar. Sería importante para o movemento ecoloxista en Galiza dispoñer dunha revista onde aparecera o calendario das actividades dos vindeiros meses: tal é unha das nosas angueiras. Nen de orientación nin de normativa ortográfica, nen de nada, non hai restriccións para que aníñen en ADEGA todas as especies do ecoloxismo galego non burocrático nin mercenario.

Promesa principal nesta nova xeira, é a de sermos regulares na nosa aparición, cousa importante para estar ao fio da actualidade. Un número ao comezo de cada trimestre é neste sentido o obxectivo a cumplir. Como mostra desta angueira de actualidade apresentamos neste número un amplio dossier sobre o Plan Forestal, contribución a un debate que desde o poder se está furtando á opinión pública e a maior parte dos proprios interesados.

Índice

Páx.

Actualidade

-A UNCED de Río,.....2
por Manuel Antonio Fernández

-Galiza, vertedero de España,.....4
por Pilar Barros

Informe ADEGA.....5-19

-Alegación ao Plan F5
por R. Varela

-Reflexión sobre o Plan Forestal Andaluz,10
por Albino Prada

-A impresentabilidade económica do Plan Forestal.....14
por J. Carmona

A Planta de Compostaxe de Mouga.....20
por M. Soto

Actividades24

Axenda29

Breves.....30


Libros.....31

AUNCED DE RIO. CUME DA TERRA OU ECO- CARNAVAL

Manuel Antonio Fernández Domínguez.
Coordinador Taller de E.A. "A CCuruxá".
I.B. Xelmírez I. Santiago

Foi na Conferencia de Estocolmo, 1972, cando as administracións dos países poderosos decatáronse da "importancia do Medio Ambiente". Dende aquela vense producindo o que J.P. Deléage chama "un capitalismo verdoso". As grandes potencias do Norte ratifican o seu papel histórico de explotación e colonialismo co uso de mecanismos financieros no control de precios das principais materias primas, na implantación de elevadas taxas de interese dos seus cretos, na ubicación das súas factorías e dos seus resíduos.

Despois de Estocolmo viñeron Tbilisi, e Belgado, e Nairobi, e amsar, e Berna, etc. Escribirónse centos de artigos de lexislación ambiental e pronunciáronse discurs-



sos sin fin sobor da nosa "nave Terra". Tanto dende a dereita máis ferozmente liberal, como dende a socialdemocracia alimentouse un discurso falsamente ecoloxista. O resultado velahí está: chámase Informe Brundtland e defende un "desenvolvemento sostido" para tódolos seres do planeta nun fantasmagórico "futuro común" que non acertamos a albiscar por ningures.

Ben ó contrario, nestes derradeiros 20 anos a situación ecolólica global do noso planeta non cesa de deteriorarse, non cesa de polarizarse, cun Norte todopoderoso e hiperdepredador da meirande parte dos recursos enerxéticos e materiais, e os países subdesenvolvidos (en vías de desenvolvemento di a propaganda oficial) xeneradores de materias

primas que nin siquer poden disfrutar os seus cidadáns, sometidos en porcentaxes cada vez maiores a condicións de pobreza extrema.

Neste orde de cousas, resulta que ante a alarmante situación na que se atopa a nosa Biosfera (quecemento global, furado na capa de ozono, destrucción dos bosques tropicais, etc.) e as consecuentes protestas internas de amplos sectores da poboación, os magnates da "arena internacional" deciden salvar o futuro das vindeiras xeneracións e salvar os bosques amazónicos, os mares, as reservas da Biosfera, etc. As contradiccións xorden cando hai que tomar medidas económicas e aplicarse a un mesmo as decisións adoptadas pola comunidade internacional.

No camiño percorrido previamente á Cume de Río téñense realizado 4 Prepcoms (reunións preparatorias), unha en Nairobi, dúas en Xenebra e a derradeira, Marzxo do 92, en New York. Pódese considerar que esta última marca a pauta do que pode esperarse en Río sobre un dos temas claves a tratar, como é o da reducción das emisións de CO₂, principal causante do efecto invernadeiro.

Polo momento, as negociacións para completar un convenio sobre os cambios climáticos só conseguiron a formalización dun acordo de principio que limita de xeito vago e non vinculante as emisións de CO₂. Frente ós intentos reduccionistas de Europa e Xapón, Bush contesta firmemente que non está disposto a tomar decisións que afecten ó "estilo de vida americano".

Esta negativa ianqui e os temas de diñeiro e financiación manteñen enfrentadas ás administracións dos países ricos coas ONGs e moitas delegacións de países do Terceiro Mundo. Poden arruinar a Conferencia e determinan que cada vez haxa máis voces decindo: A Cume de Río será un fracaso.

E será un fracaso senón se toman medidas serias e xustas de reducción dos insumos enerxéticos (consumo exosomático de enerxía por habitante), senón se diminúen as abismais diferencias entre o Norte e o Sur, senón se dan pasos decididos cara unha reducción progresiva da atosigante débeda externa que atenza ós países más probes, senón, enfin, se financian xenerosamente proxectos de desenvolvemento sostido que fagan desta expresión, tan de moda na actualidade, un concepto económico operativo e non só un cliché ó servizo da política dominante.

A Conferencia poderá adoptar tres tipos de instrumentos:

a) Unha Carta da Terra, auténtica Constitución de carácter mundial, que rexirá de forma moi xeral as relacións entre Medio Ambiente e Desenvolvemento.

b) Acordos xurídicos específicos


sobre os cambios climáticos e a biodiversidade, que xa están plantexando, como indicamos máis arriba, grandes diferencias entre uns países e outros. Posiblemente sexa o Convenio da Biodiversidade o que presente menos problemas para a súa aprobación sempre e cando os países ricos renuncien a depredación das materias primas dos bosques tropicais e paguen a parte correspondente necesaria para a súa conservación.

c) A Axenda 21, que suón un calendario de traballos concretos para o vindeiro milenio. Deberán fixarse unhas prioridades e estimarse uns costos. Da posibilidade de chegar a acordos, de operativizar as duras negociacións que se avecinan

dependerá o éxito da Cume.

De xeito paralelo, tanto en Río como no resto do mundo, as diferentes ONGs celebrarán múltiples actividades denunciando o que non se vai a tratar alí, presionando ós respectivos gobernos e aproveitando o evento para unha vez máis facer oír as mensaxes ecoloxista, pacifista, antinuclear, etc.

Durante a Cume da Terra, centos de ONGs de todo o planeta daranse cita no Parque Flamenco, en Río, cunha serie de actos denominados Floro Global 92. O noso corazón estará alí, cos sectores sociais máis progresistas, para intentar que a Conferencia de Río non sexa dominada polos delimitadores de tódalas primaveras.



R

recentemente no "Jornal do Comercio" do Brasil aparecia unha noticia sorprendente: Un consorcio americano con sede en Miami ofrecialle á cidade de Recife solucionarlle o problema do

de Basilea (1989), firmado por 33 nacións nas que se incluen USA e os países sudamericanos pola que "ningún lixo pode ser exportado sen o permiso por escrito do goberno da nación receptora". O mesmo Parlamento Europeo aproba estes días unha lei pola que se declarou ilegal toda exportación de lixo antes de fin de século". Arxentina

cer que estamos xeográficamente en Europa e carecemos de goberno propio. O mesmo que no cambalache CEE-Estado Español levamos tódalas de perder arruinádonos a pouca industria, a pesca e a agricultura, poden agora querer "compensarnos" con vertedeiros e incineradoras (¿tamén para a CEE e o Estado Español?). ¿Pasarían xa os

GALIZA, VERTEDERO DE ESPAÑA E DA CEE?

lixo gratis. A oferta inclúe duas incineradoras e os camións para recolleita do lixo. Mais como di o refrán anglosaxón "ninguén dá nada por nada", no paquete é obligatorio admitir a instalación dunha refinería capaz de dixerir 2'5 millóns de toneladas de desfeitos industriais anualmente. Ditos desfeitos nos que se inclúe acetona, benceno, metanos e cloratos, elementos susceptibles de lanzar dioxinas e outros compostos perigosos ao ar, serian importados de Europa e os Estados Unidos. Recife non rexeitou ainda facer efectivo o proxecto.

Cando o Sr. Cuiña, Conselleiro de Ordenación do Territorio, nos fala de ubicar en Galiza duas incineradoras e vertedeiros "controlados" de lixo, fainos acordar do sufrido Brasil e doutros países do terceiro mundo que, dado a severidade da lexislación medioambiental na maioria dos países da CEE e Norteamérica, "importan" residuos tóxicos. Hai moitas maneiras de burlar os acordos da Convención de Lomé (África, 1989) onde 12 países da mesma CEE, 69 de África e outros do Caribe e Pacífico acordaron expresamente "prohibir a importación de lixo". Dito acordo foi refrendado pola Organización da Unidade Africana na Convención da Bamako (1991). O próximo mes de Maio entrarán en funcionamento os acordos da Convención



acaba de rexeitar unha suculenta oferta de 12'5 billóns de dólares dunha compañía francesa que lle permitiría a ésta ubicar na Patagonia un vertedero de lixo radioactivo durante 10 anos.

Algo debe ter o lixo cando ningúen o quiere. A tendencia de tódalas lexislacións oriéntase cara á prohibición deste porcallento tráfico aínda que os "corredores de lixo" logren, mediante o soborno oportuno, burlar a lei.

¿Qué papel vai desempeñar Galiza cando desfacerse dunha tonelada de desfeitos tóxicos costa 2.200 dólares?. Non hai que esque-

"corredores de lixo" por Lalín?). Moito nos cheiramos que o Sr. Cuiña non está xogando limpo.

¿Será tanto negocio a instalación de celulosas coa correspondente "eucaliptización" do territorio e agora incineradoras, a cinza das cales sirve ata para a construción, para que nos "regalen o negocio" aos galegos?. ¿Haberá que esperar a que non se poida vivir na nosa terra, como xa acontece en México D.F. para saber quen tiña razón, se os ecoloxistas ou os "pillos de turno"?

M. DO PILAR BARROS, BIOLOGA
E MEMBRO DE ADEGA-CARBALLIÑO.

Desde a súa presentación no mes de marzo, o Plan Forestal ven ocupando unha morea de espazo en todos os medios de comunicación. A propaganda e non o esclarecemento da opinión pública é o obxectivo dos mais deles; o debate e as avaliacións discrepantes teñen o marchamo do proscrito. Por este motivo, ADEGA dá acobillo nas súas páxinas a vários documentos que, desde diversas perspectivas axudan a faceremo-nos unha opinión mais acorde co que é a realidade do Plan.

O primeiro documento é o texto das alegacións que Ramón Varela apresentou a nome de ADEGA perante a autoalcumada Mesa Forestal; reproducimo-lo tal como foi presentado, xa que non tivo no seu momento a difusión que debía. O segundo dos textos é un artigo inédito, especial e desinteresadamente escrito polo hoxe posivelmente mais reputado especialista galego en economía forestal, Albino Prada, no que se realiza unha esclarecedora leitura do Plan Forestal de Galiza á luz do seu homónimo andaluz. Finalmente, cerra o dossier unha análise de urxencia sobre algúns aspeitos da economía do Plan escrita por un profesor da Facultade de C.C. Económicas de Santiago.

Ramón Varela Díaz, Biólogo, Catedrático de Ciencias Naturais, Presidente de ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza-. Responsabel ante o BEE Grupo de Agricultura e Forestal dos Grupos Ibéricos do BEE -Buró Europeo de Meio Ambiente- e Defensor no Parlamento Galego da Iniciativa Lexislativa Popular para a Defensa do Patrimonio Forestal Galego.

Ao analizar o contido do Libro "Plan Forestal de Galicia", Síntese, da Xunta de Galicia e por encargo de ADEGA EXPON A CONSELLERIA DE AGRICULTURA O SEGUINTE:

ASPECTOS DE CARACTER ECOLOXICO:

1. ESPECIES. 1.1. Coníferas.

O Plan Forestal contempla que as **coníferas** ocupen

ALEGACIÓN PRESENTADA POR ADEGA AO PLAN FORESTAL DE GALICIA

o **52.86%** do total da extensión forestal arborada.

A media da CEE-12 en porcentaxe de coníferas nas sua superficie forestal supón o 41.5% do total. Sete Estados da CEE presentan unha porcentaxe de coníferas inferior ou moi inferior ao que pretende o Plan Forestal para Galiza, así : Bélxica tén o 47% de coníferas, Grécia 18.6%, França 30%, Italia 25.2%, Luxemburgo 34%, Portugal 46.4% e o Estado Español 48%. França que é o primeiro productor de madeira da Comunidade co 28.7% do total tén só o 30% de arboredo formado por coníferas.

No vexo polo tanto xustificación para que na Galiza as coníferas ocupen unha extensión tan alta, tendo en conta que o noso país pode ser un gran productor de madeira - si é eso o que se pretende co Plan- cunha porcentaxe de coníferas moi inferior a que se señala no Plan como o demostra o caso de França. Ademais contamos con condicións climáticas, edáficas,... etc que permiten que podamos producir madeira de maior calidade e mais rentabeis ao ser de precio moito mais elevado a sua madeira si pensamos noutras especies.


INFORME

ADEGA

Asemesmo o Plan Forestal contempla monocultivos forestais, ignorando que a **diversificación** forestal e o misturamento de masas contemplada xa na Iniciativa Lexislativa Popular do Forestal, é a forma mais adecuada da disposición de masas no noso país non só porque son más resistentes a plagas e enfermidades, senón ademais para retardar o avance do lume, para potenciar a diversidade faunística e da vida vexetal, para a protección do solo...etc, etc.

1.2. Eucaliptus.

O Plan Forestal contempla unha extensión de Eucaliptus do **17,68%** do total arborado, superficie extremadamente elevada e ademais en **monocultivo** e centrada nunha só especie o *E. globulus*, sin que en ningún momento se teña en conta o alto consumo de auga desta especie e os potenciais problemas que conlevan no ciclo hidrolóxico; o aumento de escorrentía superficial no solo que sustenta esta vexetación, (chega a duplicar a unha carballeira), a importante intercepción de choiva que realizan pola copa (moi superior as arbores autóctonas), a baixa diversidade biolóxica que presentan estas masas, o pirofitismo,....



1.3. Caducifolias.


A respecto das caducifolias considero que :

a) A porcentaxe que se establece no Plan do 29.43% do total é moi baixa, e si segundo o Inventario do 1986 tiñamos 271.564 Has de caducifolias en 1.109.213 Has. arboradas agora pretendese ter 408.767 Has de caducifolias nun total den 1.388.814 Has arboradas, é dicer pasase do 24.48% ao 29.43%, aumento polo tanto ridículo.

b) A distribución provincial que realiza o Plan non tén en conta condicións naturais nin a distribución das existencias actuais.

c) Ecoloxicamente é incorrecto plantexarse repobacións en monocultivo forestal de caducifolias en masas regulares.

d) É incorrecto basarse fundamentalmente no castiñeiro (218.953 Has frente a 189.814 Has doutras caducifolias) cando temos más dunha decena de especies caducifolias que poden xenerar unha gran rentabilidade - cerdeiras, carballo, cerquiño, nogueira, faia, avelaira,...- tanto pola sua madeira como polo seu froito.



2. SUPERFICIE FORESTAL.

Pretende o Plan Forestal que o 46% do territorio galego esté adicado a Monte Productivo (1.388.964 Has). A superficie forestal arborada na Comunidade Económica Europea representa o 23.9% do total do territorio, en Galiza duplicariase a porcentaxe. Ningún Estado dos 12 da CEE tén na actualidade unha porcentaxe tan alta como a prevista polo Plan.

Hoxe Galiza tén o 37.6% do total arborado e tan só supera este porcentaxe Grécia, polo contrario outros Estados como Gran Bretaña, Holanda e Irlanda non chegan ao 10% do total, Dinamarca está no 11.4% , cinco

Estados están comprendidos entre o 20 e 30% , dous están entre o 30 e 40 % e só Grécia chega ao 43.6%.

Os estudos edafolóxicos realizados na Universidade de Santiago fai anos xa, e publicados en diversos traballos contemplan que 1.486.700 Has, é dicer o 50.4% do total galego é apto para cultivo e 698.800 Has. , é dicer 23.7% poden permitir o asentamento e desenvolvimiento de prados permanentes, e ambas superficies suman o 74.2% do total galego. Polo que a aplicación do Plan Forestal **choca frontalmente** cos estudos do territorio realizados con métodos científicos e alleos a calisquer interés.

O intento de poñer o 46% do territorio galego a producir madeira de baixa calidade e barata **é inxustificable** e choca con calisquer estudio minimamente científico centrado na nosa realidade xa que como se apuntou **as 3/4 partes do territorio galego é apto para cultivos herbáceos e praderías**, siñifica a posta en práctica do Plan un desaproveitamento dos recursos naturais e non ter en conta a productividade potencial do territorio.

3. PRODUCCION.

Na paxina 85 do Libro Síntese do Plan Forestal dise que "... a única produción forestal que pode cuantificarse con certa precisión é a madeirabel", sin que se cite as previsións para o futuro para leña, froita, cogumelos, mel,

INFORME ADEGA

caza, gandeiria, plantas medicinais, fauna asociada,... restauración de ecosistemas degradados, evolución, mantenemento e protección progresiva de ecosistemas...etc.

Mais ben debería dizer que a madeira é a única producción que interesa cuantificar. A base da producción fixase no Plan para o Piñeiro e Eucalipto que é da orde do 85% do total, madeira de baixa calidad e sometida a fluctuacíons controladas pola industrias debido a entradas temporais e masivas de madeira destas espécies procedente de mercados foráneos no interior da Galiza.

Si a produción de espécies caducifolias en conxunto é moi baixa da orde do 15% do total, a de especies caducifolias agás a de castiñeiro é da orde de 4.2% do total. Xustamente a madeira que é codiciada en todo o mundo e co paso do tempo ainda mais, a que temos posibilidades e capacidade de producir é a que no total siñifica a mínima expresión. A produción de madeira de frondosas caducifolias seguirá sendo unha produción simbólica e fará que Galiza teña que seguir importando esta madeira doutros países.

4. O PLAN NON CONTEmpla OS BENEFICIOS INDIRECTOS DO ARBORADO.

Os beneficios indirectos sobre a auga, sobre o solo e sobre a atmósfera non se teñen en conta no Plan Forestal, e non se teñen en conta porque non son valorados a precio de mercado.

a). Así non se valoran os Beneficios indirectos do bosque sobre a auga:

Regulación do recursos hidricos superficiais.

Regulación dos dos recursos hidricos subterráneos.

O bosque frena a escorrentía superficial, amortigua as avenidas dos ríos en épocas de fortes choivas ou tormentas, millora o ciclo hidrolóxico aumentando a cantidade dispoñible de auga no solo e subsolo, millora a calidade da auga,...etc.

Pero **non todas as especies do bosque** do bosque actúan da mesma maneira, as caducifolias esta demos-

trado cumplen millor estas funcións citadas que as arbores de folla perenne e de aí que o ter ou non ter en conta este aspecto indirecto do bosque pode determinar a plantación dunha ou outra/s especie/s botánica/s.

b). Non se teñen en conta no Plan os Beneficios indirectos do bosque sobre o solo:

A fertilidade, a estructura, a desecación , a erosión dun solo vese **condicionada** pola vexetación que soporta que non actúa da mesma maneira si son coníferas ou eucaliptais ou si son caducifolias, esquecer este aspecto indirecto que influie na decisión a hora de plantación repercute nun recurso básico e fundamental como é o solo. Indudavelmente as caducifolias son especies formadoras de humus de millor calidad que as coníferas ou eucaliptais, asemesmo milloran e enriquecen o solo en nutrientes, diminuyen a erosión comparativamente,...etc,etc, e non ter en conta estes aspectos nun país como o galego donde o 50% do territorio está suxeto a erosión siñificativa é ignorar algúns dos principios mínimos e elementais de conservación de solos.

c). Tampouco se teñen en conta os Beneficios indirectos sobre a atmósfera:

A creación de microclimas específicos determinada polas masas forestais con humedad, temperatura, radiación solar incidente no solo, ..etc. moi característicos depende do tipo de arbores que se planten e da estructura das masas forestais en mono ou policultivo.

d). Non se consideran os Beneficios indirectos na psique humana:

A diversidade forestal con diversidade de tonos e colores e o ambiente que crea o bosque produce efectos beneficiosos na saúde humana e mesmo efectos terapéuticos que repercuten no desenvolvemento físico e psíquico do home.

e). Non se teñen en conta aspectos importantes relacionados coa fauna e flora asociada a vexetación principal e os endemismos.

AUGUSTO PEREZ ALBERTI: "A paisaxe é un patrimonio cultural que hai que conservar. En Galiza desde o punto de vista paisaxístico observamos que nos últimos 10 anos houbo unha transformación radical, por mor das repovoacións con eucalipto. Se a isto engadimos a apertura indiscriminada de pistas, a desfeita urbanística, e os vertidos de lixo, atopamos que é difícil encontrar outra zona do estado que teña a paisaxe tan destruída como Galicia, nun período tan curto de tempo".

"Lendo as descripcións iniciais do Plan Forestal, nota-se que está feito por un consulting e que

copiaron todo, e copiaron mal... Vese unha falta moi grande de rigor científico".
"Estánse facendo unha estructura viaria en función do Plan forestal, as pistas chegan xa a todos os montes, a Lucenza, a Rogueira, etc. no Caurel, isto pon en marcha tal cantidade de materiais que os procesos erosivos e de destrucción de vertentes son moi graves".

(Intervención na mesa redonda **Aspectos Ecológicos no Plan Forestal**, celebrada en Santiago o día 13 de marzo de 1992)

5. ESPACIOS SENSIBEIS

Non se detallan os espacios sensibeis de planificación específica .Sorprendentemente na paxina 91 do Libro Síntese dise “.. transferir a documentos posteriores de planificación, xa individualizados ou ben por grupos, tanto os obxectivos de cada espacio como a figura xurídica, o modelo de xestión, intervencións,...”

Andalucía contempla no seu Plan Forestal-1989 411.885 Has de Espacios Naturais Protexidos donde se fixan :

75.220 Has de Parques e Preparques Nacionais.
329.200 Has de Parques Naturais (6 en total).

1.845 Has de Reservas da Biosfera (3 en total).

5.620 Has de Paraxes Naturais de Interés Nacional.

En total 8.85% da superficie forestal andaluza son espacios naturais protexidos, o Plan andaluz contemplaba posteriormente a aprobación dun Inventario de Espacios Naturais que declarara con algúna figura de protección a 726.859 novas Has do territorio polo que a protección no ano 1992 sobrepasa ampliamente o 24 % do territorio total de Andalucía

No caso de Galiza o Plan Forestal contempla 341.521 Has. pero sorprendentemente só 62.856 Has son actualmente de monte arborado o resto son na actualidade de uso a matorral e agrícola,o que indica que nin siquera que vai protexer no futuro ao actual bosque autóctono. Os espacios sensibeis a protexer terían que partir das actuais masas autóctonas e non da forma que figura no Plan.

ASPECTOS DE CARACTER TECNICO


A respecto da xestión:

Faltan Directrices de xestión de carácter ecológico como

- Os tratamentos silvícolas que deben executarse favorecendo a existencia de mezcla de especies.
- A reforestación debe ter en conta a vexetación preexistente e o tipo de substrato arbustivo que sustenta.
- Nas restauracións forestais deben utilizarse sempre que sea posibel especies autóctonas que nos acerken o bosque óptimo da zona.
- Nas repoboacións e tratamentos silvícolas respetaranse enclaves de interés florístico que manteñan unha diversidade vexetal.
- Nos proxectos de repoboación deben estudiarse detalladamente aspectos de clima e solo para unha acertada elección de especies e producción idónea.
- A protección de concas fluviais debe de realizarse tendo en conta que debe primar a conservación de solo e impedir a erosión, sendo secundaria a producción nesas áreas.

ASPECTOS DE CARACTER ECONOMICO

O Plan permite no Libro Síntese nas páxinas 94, 95 e 96, elaborar cadros con estimacións da producción



madeirabel e mesmo industrial até o ano 2.117 é dicer a 125 anos vista. Dende unha perspectiva económica é un **espellismo** dar cifras verbo do significado da producción galega de madeira nun horizonte de 25 anos (muito menos para 125 como pretende o Plan) xa que non se teñen en conta neste computo unha serie de variaveis esenciais a saber:

— modificación da demanda tanto a previsbel como a nova que xurda de modificación por novas técnicas na producción, tanto as que afectan a propia producción de madeira como as que afectan ao carácter de inputs de esta madeira para a industria papeleira, xa por non citar a incidencia que pode ter no futuro inmediato a extensión das técnicas de papel usado.

— evolución dos prezos do mercado mundial destes produtos.

— carácter de perecedero do producto .

— non convertibilidade do chan adicado ao monocultivo.

Por outra banda é un feito economicamente probado o carácter de vulnerabilidade que otorga unha economía a adicación case en exclusiva a un monocultivo (85% da producción é madeira de coníferas e eucaliptus) cando ademais o control que existe sobre o mercado deste pro-

INFORME

ADEGA

ducto é mínimo referido a primeira fase é dicer venta dunha materia prima sin transformar. Deixar unha gran extensión do territorio para unha produción en monocultivo e centrada en duas-tres especies é sumamente perigoso como se demostra con numerosos exemplos de Centro e Sudamerica ou Africa. Desde unha perspectiva global, entendida como de xestión de recursos é altamente ineficiente a adicación da terra agrícola susceptibel de diferentes usos á un - dous productos madeirabeis- de baixa calidade e que van atoparse nun mercado de competencia moi alta.

O Plan Forestal incide ademais negativamente nunha potencial diversificación industrial e aproveitamento múltiple dos diferentes usos do monte.

As inversións reais adicadas a espacios sensibeis siñifican o 4.2% do total de inversións no monte o que é inxustificabel e insuficiente , esta inversión é similar a que se vai realizar en espacios periurbanos o que da idea da valoración que se fai dos espacios sensibeis.

secuencias directamente.

EN RESUMO EN BASE A CRITERIOS DE CARACTER ECOLOXICO, TECNICO, ECONOMICOS E SOCIAIS ARRIBA APONTADOS, PODO CONCLUIR QUE ESTE PLAN FORESTAL NON SE FIxo PARA GALIZA EN FUNCION DE INTERESES GALEGOS, SENON QUE E UN PLAN FORESTAL REALIZADO PARA AS FABRICAS DE CELULOSA - ENCE, EUROPALIA-FORESTAL, PAPELGA E OUTRAS POSIBEIS- E PARA QUE PODA FUNCIONAR ALGUNHA FABRICA DE PAPEL DE CENTRO EUROPA, ESTE PLAN SIGUE CLARAMENTE AS ORIENTACIONS DE BRUSELAS DE AUMENTO DA PRODUCCION FORESTAL.

PIDO POLO TANTO EN NOME PROPRIO E NO DE ADEGA -ASOCIACION PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA- A RETIRADA DO PLAN FORESTAL ACTUAL E A ELABORACION DUN NOVO NO QUE TEÑAN EN CONTA OS CRITERIOS ARRIBA SEÑALADOS ASI COMO AS "BASES PARA UN PLAN FORE-

RAMÓN VARELA: O Plan forestal é o plan de sesfor,S.A. un consulting privado, que o fixo en función duns intereses moi concretos, a Xunta limitouse a poñer a peatina co seu nome na portada do libro, pero debaixo desa pegatina ve-se claramente o nome do consulting, é dicer que a Administración saca o plan tal cual llo entregaron..."

"O plan apuntala e consolida a política nefasta levada até o momento, incrementa o 46% do territorio a cultivos forestais, é dicer a monocultivos, non a bosques que isto é algo distinto. (Pense-se que a média da CEE é do 23%)".

"En Inglaterra (cun 9% de arborado), e outros países europeos, pode ter sentido que se abandonen terras agrícolas para destinalas a cultivos de árbores, mas

en Galiza isto é descabelado, é estragar os nosos

recursos, xa que a nosa superficie forestal xa é enorme, só Grecia nos supera".

"Dos espáculos sensíbeis que contempla o Plan só 62.000 Ha. son arvoradas, o resto até 341.000 son de matos e espáculos agrícolas. O normal seria que s temos 260.000 Ha. de caducifólias, que empezaramos por declarar esas zonas como sensibeis e despois aumentar esa superficie. Polo tanto o Plan non vai a protexer os poucos bosques autóctonos que quedan".

"O Plan non contempla outros usos alternativos do monte, nin contempla os recursos hídricos, nin as especies arboreas adecuadas para zonas con problemas de sequía ou de erosión..."

(Da intervención de R. Varela na mesa redonda citada)

ASPECTOS DE CARACTER SOCIAL

O bosque estatal na Galiza representa o 0.16% do total, mentres que na CEE-12 siñifica o 27.5%, tendo algúns países como Irlanda ou Grécia unha superficie arborada estatal superior ao 70%. No Plan non se cuantifica a extensión de bosques estatais - Estado ou Goberno autonomo- ou de diputacións ou concellos que quedará ao efectivizarse o Plan e non existen inversiones para tal fin, tan só na páxina 142 di que se habilitará un fondo público sin cuantificar (lembramos que os montes comunais non son de uso social).

No Plan tampouco se procura a participación das comunidades na toma de decisiones referentes aos espacios forestais e esquecese que elas van a recibir as con-

TAL" ELABORADAS POR ADEGA E PRESENTADO XA NO ANO PASADO NA CONSELLERIA DE AGRICULTURA. ESTE NOVO PLAN ELABORADO EN BASE A CRITERIOS DE: policultivo, aproveitamento múltiple, frondosas autóctonas prioritariamente, industria diversificada, conservación de solos e especies botánicas e zoolóxicas, control da erosión e dos incendios,...SERIA A GARANTIA DE BENEFICIAR A POBOACION GALEGA E NON A GRUPOS TRANSNACIONAIS.

OFRECEMOS A NOSA COLABORACION CON ESPECIALISTAS E TECNICOS PARA TRATAR DE CHEGAR A UN "ACORDO DE MINIMOS" PARA ELABRAR UN PLAN FORESTAL QUE TEÑA EN CONTA AS NECESIDADES E REALIDADE SOCIO-ECONOMICA E ECOLOXICA DO PAIS.

REFLEXIONS SOBRE O PLAN FORESTAL ANDALUZ

por ALBINO PRADA BLANCO

Arecente presentación do "Plan Forestal de Galicia" (1) semella unha boa ocasión para dar noticia dun documento pioneiro, xa en vigor en España, como é o "Plan Forestal Andaluz" (2) do ano 1989 vixente durante o período 1988-2048.

Noticia e tamén comparación porque se, como veremos, a problemática productivo-madeireira énos semellante tamén o é a decisiva cuestión do deterioro-erosión dos montes en ambas latitudes (como se admite no noso Plan "...graves efectos de erosión derivados de los incendios repetidos." pág. 526) e a súa causación pola mixtura de absentismo + incendios.

Os datos en hectáreas para a situación actual (1988) e a prevista no Modelo de Monte do Plan Andaluz (2048) é a que se presenta no Cadro A. O primeiro a sublinhar é a grande importancia actual (25% da superficie forestal -SF-) e futura (44% da SF) do monte arborado non madeirable. Son por unha banda masas mixtas en boa medida de frondosas e tamén con coníferas con finalidade de conservación-restauración das terras e, por outra, para alimentación do gando en encinares ou para obtención de cortiza. Neste asunto só dicir que o noso Plan é belixerante coas masas mixtas ("todas las masas forestales deberán ser monoespecíficas" pág. 388), non contempla a opción mixta arbora-

CADRO A

EVOLUCION DE SUPERFICIES POR USOS EN ANDALUCIA

PERIODO 1988 / 2048

especie	1988			2048		
	has.	%	%	has.	%	%
EUCALIPTAL	267.269	23,6	11,2	183.017	11,8	5,0
PIÑEIROS	825.394	73,0	34,6	1.233.288	80,0	33,8
OUTRAS	36.537	3,2	1,5	123.695	8,0	3,3
TOTAL						
MADEIRABLE (MM)	1.129.200	100	47,3	1.540.000	100	42,2
TOTAL NON MADEIRABLE	1.255.992		52,6	2.102.189		57,7
TOTAL						
ARBORADA	2.385.247	51,2	100	3.642.967	76,6	100
DESARBORADA	2.265.850	48,7	-	1.109.410	23,3	-
TOTAL						
FORESTAL (SF)	4.651.097	100	-	4.752.377	100	-

fonte: Elaboración Propia sobre datos do "PLAN FORESTAL ANDALUZ, 1989" IARA, SEVILLA, 1990



CADRO B

EVOLUCION DO CRECIMIENTO MADEIRABLE ANUAL EN ANDALUCIA

PERIODO 1988 / 2048

crecimiento anual

1988 2048

especie	000 m ³	%	000 m ³	%
---------	--------------------	---	--------------------	---

EUCALIPTAL	801,0	28,4	1.098,0	18,9
------------	-------	------	---------	------

PIÑEIROS	1.238,7	44,0	2.534,1	43,7
----------	---------	------	---------	------

OTRAS	132,0	4,6	663,3	11,4
-------	-------	-----	-------	------

TOTAL MADEIRABLE	2.185,2	77,6	4.321,0	74,6
---------------------	---------	------	---------	------

TOTAL NON MADEIRABLE	628,0	22,3	1.471,3	25,3
-------------------------	-------	------	---------	------

TOTAL ARBORADA	2.813,2	100	5.792,9	100
-------------------	---------	-----	---------	-----

fonte: Elaboración Propia sobre datos do "PLAN FORESTAL ANDALUZ, 1989" IARA, SEVILLA, 1990.

do-pastos (nun país cunha alta tasa de gandeiría sen terra) e reduce a superficie de masas con fins só protectores ou de conservación a apenas o 17% da SF (341.000 has.).

Corolario lóxico do anterior é o moi diferente enfoque do monte madeirable nos dous Plans. En Andalucía dun 23% da SF pasarán a un 30% no 2048, en Galicia partindo dun xa notorio 40% chegaremos a un 70% no 2032. A vocación madeireira do proxecto galego non deixa lugar a dúbidas. Pero tamén no desglose desta cuestión hai elementos de interese non evitables alegando as diferentes productividades potenciais. Vexamos.

O eucalipto en Andalucía ten unha presencia semellante á que ten en Galicia (23,6% do monte madeirable -MM- fronte a un 28,3% no MM galego)(3). Pois ben, mentres que en Andalucía se prevé unha reducción da superficie desta especie en 84.000 has. (máis dun 31% das existentes na actualidade) que se consideran aptas para a produción doutras especies (carballos + piñeiro), o plan galego, por unha banda, consolida as has. existentes nos asentamentos actuais (producto de non facer calquera avaliación-control e dos incendios), xa que, segundo os redactores, as masas do norte de A Coruña e Lugo "tienen buenas densidades, elevadas existencias y se puede hablar de una explotación técnicamente correcta" (páx. 193) e no resto "intensificación en las superficies actualmente dedicadas a eucalipto" (páx. 247), e, por outra banda; amplía a superficie de eucaliptais en 23.000 has. Non hai aquí, como se ve, ningunha relativización verbo das especies lignícolas (chopo, p.radiata, eucalipto) como a que se fai no Plan Andaluz cando se afirma que "hay razones fundamentadas para no considerarlas óptimas desde un punto de vista ecológico" (pág. 146).

INFORME ADEGA


Verbo das frondosas-caducifolias os datos do Cadro B de crecemento madeirable anual indican que en Andalucía a aportación destas especies ó total vai ser do $25,3 + 11,4 = 36,7\%$ do total (carballos; chopos, castiñeiro sobre todo), no caso galego só acadaria-mos no ano 2060 -como moi pronto- un 14,4% do total repartíndose o resto entre un 36,5% para o eucalipto (en Andalucía un escaso 19%) e un 47,5% para os piñeiros. Tanto na lignicultura do eucalipto como na recuperación das frondosas os dous plans manteñen criterios e prioridades en absoluto coincidentes.

Outra cuestión a destacar do Plan andaluz é a referente á evolución prevista da propiedade forestal. O Plan prevé "la adquisición de fincas para aquellos casos en que las mismas deban ser objeto de actuaciones forestales en bien del interés general, y su coste sea difficilmente asumible por los propietarios" (páx. 201) e tamén a ampliación sustantiva dos consorciados con particulares cos mesmos obxetivos. As cifras sintéticas da situación de partida e á finalización do Plan son as que seguen:

Destaca ostentosamente a inversión do binomio xestión-propiedade particular verbo da pública. Mentre na actualidade o 70% dos montes andaluces están xestionados por particulares (64% en Galicia) no futuro só serán o 34%. Isto implica a compra de 1.500.000 has. por parte da Administración e un aumento do 160% das superficies actualmente consorciadas. O resultado é a inversión aludida dun 30/70 actual a un 70/30 futuro (público - privado).

No caso galego estamos nas antípodas. Non hai tal inversión. Non hai conformación dun patrimonio público (só se comprarán 51.000 has. para parques periurbanos e espacios sensibles - páx.586-) que será dun 6% como moito no 2032, nin se cuantifica a evolución futura dos consorciados coas comunidades de veciños

	1988	%	2048	
ESTADO	542.000	11,7	1.980.000	42,9
ENTIDADES LOCAIS	686.000	14,8	671.000	14,5
PARTICULARES				
consorciados	150.000	3,2	390.000	8,4
sen consor.	3.247.000	70,2	1.569.000	34,0
TOTAL	4.625.000	100	4.610.000	100



INFORME

ADEGA

(que na actualidade afectan a un 50% destes montes e supoñen un 16% da SF). En suma, un escaso 22% de xestión -que non propiedade- pública frente ó 70% andaluz. E hai que dicir que o presuposto andaluz para adquisición de terreos tendo en conta os prezos galegos da ha. de monte (páx. 587), suporían a compra de 460.000 has. Cifra que nos situaría nun 25% de patrimonio forestal público e nun 40% de xestión pública. Como se ve isto é, para os nosos planificadores, ciencia-ficción.

A consecuencia en Galicia é obvia: "la mayor superficie de actuación corresponde a transformaciones en el monte arbolado de propiedad particular" (páx. 388), superficies que nun 74% dos casos o mesmo Plan considera inviables silvicolamente (páx. 110) e nas que primará a vontade dos propietarios (páx. 80 e 305) en función do mercado e condicionados por un Plan que segundo se confesa postula a "concentración de las transformaciones para las especies de crecimiento rápido en los primeros quinquenios del período de vigencia del Plan y dilata el plazo de actuaciones para las demás" (páx. 397). Tamén neste asunto está claro que en Galicia vanse financiar con diñeiro público actuacións que teñen un escaso componente público. O Plan configúrase así como unha xigantesca rede de subvencións a propietarios particulares e a industrias consumidoras de madeiras de trituración ou escaso valor para serra.

Un promedio do 70% das inversiones públicas no primeiro decenio tanto en capital forestal como en infraestructuras será para pinaster + radiata + eucalipto dado que a finalidade é clara "... entre el eucalipto, el pino radiata y el pino pinaster suponen el 77% de la producción" (páx. 602). Non se produce así un uso diversificador de especies con diñeiro público, non actúa a inversión pública como sustitutiva daquelas que a privada non acomete polo seu longo prazo ou alto risco e, en consecuencia, o Plan Galego renuncia a facer un esforzo inversor en capital silvícola e forestal público limitándose a racionalizar e subvencionar a conducta dos particulares.

Pois ben, e para finalizar, se definimos unha ratio de custo en millóns por hectárea de arborado intervido nos dous Plans, e só tendo en conta a inversión pública más as subvencións a particulares, o resultado é de 0,49 millóns/ha. para Andalucía e de 0,71 millóns/ha. para Galicia. Noutras palabras: o Plan andaluz é mais barato a pesares de conformar un patrimonio público do 43% dos montes (Galicia só 6% como moito) e de cumplir moito más intensivamente fins de conservación e de arborados non madeirables. Dúas cuestións que deberían facelo más caro. Asuntos ambos que cabía esperar que tanto en Andalucía como en Galicia o sector público considera-


ra como prioridades. Non é así.


Ben seguro que o Plan Andaluz non é transferible sen máis ó caso galego. Pero mentres os redactores do Plan galego nos levan a unha converxencia co modelo silvícola chileno ou portugués, nós cremos que podemos aprender máis do modelo andaluz aquí comentado. Non só del senón, tamén, do de Alemania, de Francia ou de Euskadi onde máis do 50% da produción de madeira é para serra de calidade e non para triturar ou para táboa de encofrado ... pero ese sería outro artícuo.

1) SESFOR, S.L. - Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes, Santiago, 1992.

2) Instituto Andaluz de Reforma Agraria (IARA), Sevilla, 1990.

3) Excluímos do MM galego as 200.000 has. actuais de frondosas dado que o seu estado impide consideralas aptas para serra nun 90%





impresentabilidade económica do Plan Forestal

J. CARMONA

O Plan Forestal, elaborado por un consulting privado e imprentado apresuradamente como próprio pola Xunta de Galiza, pretende ser un estudo "técnico", "profesional", non contaminado polos discursos "valorativos" dos ecoloxistas, e polo tanto, listo para, con lixeiros retoques de detalle, ser discutido e aprobado no Parlamento. As diversas reunións e simposios que durante os últimos dous meses venen organizando os redactores do Plan e a súa cohorte de colaboradores, maqueados baixo diversas siglas, concluen inequívo-camente que o Plan é técnicamente perfeito.

O sentido que teñen as líneas seguintes é o de comentar algúns aspectos do modelo forestal que presenta o Plan así como salientar algunas deficiencias presentes no seu cálculo económico que demostran que este non é nen tan "profesional" nem tan "acabado" como se presenta ou en todo caso non mais que o que presentaron no seu día como iniciativa lexislativa popular os grupos ecoloxistas, que ún non se explica por qué son a bicha dos redactores. Polo tanto, que no Plan deben opinar todos e non só os supostos técnicos e que o Plan non é cousa de ser aprobado en

dous meses, senón que esixe unha discusión previa dos obxectivos e unha reelaboración de conxunto do modelo de monte e do cálculo económico na que participen todos os grupos, persoas e institucións interesa-dos nas funcións productiva, conservativa e social do monte, e non só os primeiros como ten acontecido até agora. É dicir, ese auténtico Acordo Galego polo Monte que até agora se tén evitado.

EMPREGOS E INVESTIMENTOS: A LEXITIMACION DO PLAN

A primeira imaxe que transmite ao público tanto o texto íntegro como a síntese apresentada aos medios de comunicación é a de que o Plan Forestal significa un investimento fastuoso (dous billóns de pesetas) e o mais vasto proxecto de creación de emprego de toda a historia de Galiza. Tan vasto resulta ser este último, que debeu asustar unha migia ao presidente Fraga, que en vez de anunciar a creación dos 494.000 empre-gos netos (534.000 brutos menos os 40.000 actuais no

INFORME ADEGA

sector) que prevé o Plan para o quinquenio 2.028/2.032 (pp. 412 do Plan e pp. 96 da Síntese) debeu considerar que ben chegaban con 300.000 e foi esa a cifra que él anunciou.

O emprego e o investimento previstos resultan fundamentais á hora de presentar o Plan, son en realidade a súa lexitimación. Para criar tantísimo emprego calquera esforzo paga a pena e a excomunión será a moeda dos que se atrevan a chistar. Pero, desde un punto de vista estritamente económico, ¿son os empregos e os investimentos resultado de previsións e cálculos sérios ou son un reclamo "valorativo" para predispoñer ao seu favor?

Pois o primeiro que son é -tal e como Fraga debeu intuir- unha imprudente esaxeración, porque se no ano 2.032 existen un total de 534.000 empregos no forestal, resultaría que,

-con unha poboación activa que segundo as tendencias actuais acadaría mui pouco mais do millón- ún de cada dous activos galegos dependería deste sector. Tendo en conta que a metade deles farían-no en actividades de primeira e segunda transformación, teríamos ocupados en aserrío, móbeis, pasta, papel, etc. a ún de cada 4 galegos. Unha situación portentosa se temos en conta que segundo o último informe da OCDE os activos no total das industrias derivadas da madeira son ún de cada 15 en un país como Finlandia.



O carácter fantasioso dos cálculos de emprego ve-se millor se descemos a algún dos renglóns concretos. Sirva de exemplo o da fabricación de pasta de papel que, segundo os cálculos do Plan, dará traballo directo ao final dos cuarenta anos a 23.687 persoas (pp. 410) -os indirectos xa se contabilizan noutros epígrafes desde logo- ; tendo en conta que a actual ENCE non chega aos 500 empregos, a pregunta é ¿cántas fábricas de celulosa hai que poñer para chegar aos 23.687 ou cantos criados terá cada empregado das que existan no ano 2.032?

AS HIPOTESES DO PLAN

¿Cómo chega o Plan a tan "técnicos" e non "valortativos" cálculos de emprego?. Pois mui simple, estimando as cortas anuais das diversas especies a partir dunha serie de índices que non discutiremos aquí, supoñendo que todo o que en Galiza se corte en Galiza se transforme e supoñendo que os ratios actuais de emprego por unidade de producto a transformar en cada rama das indústriaas derivadas da madeira non van mudar nos vindeiros cuarenta anos (pp. 409). Deste xeito, dada a produción forestal para o ano 2.032 por exemplo, non hai mais que multiplicar por ese ratio e saen os empregos en aserradoiros, fabricación de chapa, etc.. Dito doutro xeito: se actualmente cada tonelada de madeira serrada da lugar a "X" empregos, dentro de 40 seguirá dando lugar aos mesmos; polo tanto para calcular o número de traballadores ocupados no aserío abonda con multiplicar o número de toneladas de madeira de aserío que Galiza producirá dentro de cuarenta anos por "X". Obviamente polo mesmo procedemento podiamos calcular o emprego do ano 6.675 e con igual versosimilitude, se temos en conta que a hipótese-base que se debe cumplir para que este cálculo teña algún sentido é a de que o sector galego da madeira non vai introducir anovacións técnicas nem mudas estruturais que tendan a millorar a produtividade (xa que todos estes avances rebaixarían "X"). O que ún se pregunta é: daquela, ¿para qué serve o Plan?. Non entraremos aquí en avaliar outras hipóteses igualmente "verosímiles" do "modelo" como a de que toda a madeira producida será transformada dentro de Galiza, etc.

Seremos mais breves sobre a cuestión dos investimentos, que é tan optimista como a dos empregos. O Plan pretende comprometer unha cifra total de investimentos catro veces superior aos que se propón apontar a Xunta. As veces dan-se estas políticas de captación de recursos, pero a probabilidade de que iste sexa o caso é cativa. Para calcular o investimento privado recorre-se a ratios semellantes aos de emprego, de xeito que o valor dunha predicción de 685.000

millóns de pts. é o mesmo que pode ter a suxerencia que me fai un amigo que alega manter tratos cos extraterrestres e que dí que o investimento privado vai ser muito maior porque os marcianos están pensando en investir no sector. O financiamento do Estado e da CEE -que superaría o 40% segundo o Plan- haberá que consegúilo, e elo non depende só da vontade da Xunta. En todo caso, as tendencias observáveis nos diñeirois que a CEE adica a estas cousas non parece que -ainda que crecentes- permitan tais alegrías. Pois resulta que con tais alegrías afectando ao 75% do financiamento do Plan, iste está "técticamente acabado".

Xa que logo, semella que muitas cousas deben ser reformadas no Plan, porque se os cálculos sobre os benefícios que traírá o Plan están eivados, a ver se resulta que se inviste tanto diñeiro e os resultados non pagan a pena. Polo tanto, ao tempo que se estudan millor eses asuntos, cabe discutir pasenñamente algúns elementos do modelo forestal que avanza o Plan.

O MODELO FORESTAL DO PLAN

Desde un punto de vista económico a primeira característica do Plan e a súa apostila por unha forte expansión da superficie arborada, nada menos que de un 34 a un 47% da superficie do país; un salto ciclopico que se basearia na arborización de zonas de mato, pero tamén do que denomina "zonas agrícolas marxinais". Posto que en termos relativos a superficie agraria útil galega é mui inferior á do noso entorno europeo calquera política que tenda a ulteriores reduccións e unha política de despoboación. Os nosos 92 habitantes por Km² non son os 15 de Finlandia ou os 17 de Chile, por só citar dous dos modelos citados no Plan, polo que a apostila debería ser en todo caso pola expansión e non pola reducción dos usos agrícolas que son sempre mais intensivos en traballo -o noso factor abundante- que os forestais. Non só non se deberían reducir a monte superficies actualmente agrícolas, senón que compriría transformar unha parte ao menos dese monte non arborado en superficie agrícola. Neste aspecto é de supoñer que os sindicatos agrarios han ter muitas cousas que decir en calquera debate que se abra. Por certo ¿foron invitados á denominada Mesa Forestal?

A segunda cuestión que desde un punto de vista económico merece un comentario é a apostila mais que decidida por unha produción madeireira extremadamente baseada nas especies de medre rápido: ao final dos cuarenta anos, coníferas de turno corto e eucaliptos representarían o 85% da produción anual de madeira. Un sector polo tanto mui especializado nas espe-

INFORME ADEGA


cies de menor prezo, destinadas fundamentalmente a trituración, que son precisamente as mais fluctuantes no que atinxe a oferta e prezos internacionais; unhas espécies ademáis que algúns países latinoamericanos e do sudeste asiático están plantando con fruición. Unha apostase polo tanto a unha única carta nun mundo de tahúres, no que nós non temos nem sequera as competencias para marcar esas cartas que se chaman aranceis. Unha apostase que tampouco vai satisfacer o que debía ser un obxectivo do Plan, o de fornecer unha oferta diversificada de madeira que permita cobrir as demandas de todos os axentes transformadores do país e non só as dos demandantes de madeira para trituración (celulosa e taboleiros).

Outra das cousas que chaman a atención do Plan, porque en tempos de converxencia tende a seguir diverxendo, é o papel absolutamente marxinal que se concede ao monte público na ordenación forestal de Galiza. Mientras non só os países europeos senón outras comunidades autónomas tenden a ampliación dos arborados de titularidade pública a Xunta sitúa este obxectivo a un nivel mui secundario tanto se nos atemos aos recursos adicados (a cuarta parte dos adicados a prevención de incendios, por exemplo) como aos obxectivos propostos, que se limitan aos "espacios más fráxiles" mesmo considerando que partimos dunha situación anormalmente baixa neste sentido.

Claro que despois de todo é normal que unha das principais partidas sexa a de prevención de incendios:

faga vostede un monte perfeitamente pirófito, e gaste logo un pastazo en prevención e apagado de incendios. Eso sí, coide ben de non contabilizar no Plan os custes económicos e sociais que este modelo carrexa. Como tampouco vaia a contar o custe de centrar as intervencións do Plan "no monte arborado de propiedade particular" (pp. 89-90 da Síntese) en vez de nos por térmico medio 100 veces mais extensos montes veciñais, porque daquela ficaría evidente a calqueira que o Plan vai ao grande, sen un mínimo obxectivo de minimizar o custe das actuacións.

Finalmente e quizás unha das cousas que mais se bota en falta porque sen ela é imposible facer un xuizo do modelo forestal do que se trata, o Plan non inclui nengunha orientación sobre a estrutura de incentivos que se vai establecer, ¿van-se incentivar as especies de turno mais largo sobre as de corto?, ¿vai-se priorizar ás denominadas especies índice sobre as outras dentro dun mesmo distrito forestal?. ¿Persigue realmente o Plan correxir os deseiquilibrios que criou o mercado en favor de certas especies durante os últimos anos ou polo contrario e como se indica na pp.93 do documento de síntese a orientación será a de "potenciar las tendencias que se observan na iniciativa privada"? A verdade é que a sensación que produce o observación do apartado de investimentos é de que do que se trata é desto último, xa que no gasto previsto pola "iniciativa pública", que é o único un pouco controlable, as partidas que levan a parte do león son: o custe dos servizos administrativos, os investimentos



en "capital territorial" ("dotación de caminos, cargaderos, cortafuegos, puntos de agua, refugios, centros de vigilancia, helipuertos de monte, etc." -cito en castelán porque este é o idioma no que está redactada versión íntegra do Plan-) e os investimentos en prevención de incendios. Os primeiros non incluen obviamente ningún sesgo corrector das tendencias actuais, mentres que os segundos e terceiros se algo fan é acentuá-las, porque as ratios utilizadas en dotación de infraestrutura conceden un maior gasto en camiños e cortalu-

déncias da demanda. ¿Pensan os redactores do Plan que o rápido achegamento de Finlandia e Suecia á CEE que se está producindo nestes momentos non vai afectar ás tendencias do comercio comunitario de produtos forestais nem á política forestal da Comunidade?. ¿Pensan que o imparável e progresivo reciclado do papel non vai ter nengunha influencia nos consumos de pasta química?. O Ministerio de Industria por exemplo coida que sí, e no seu último Informe sobre la industria española fala xa de "una mayor utili-

XOSÉ MANUEL PENAS PATIÑO.

O Plan pretende que dos orzamentos investidos uns dous tercios sexan de diñeiro público polo tanto non pode dedicar-se en exclusiva á función productiva, esquecendo da función social ou ecolóxica dos montes"

"O plan ten unha visión exclusivamente productivista, o 92,7% das inversións son con fins productivos, o 4,3% con fins ecolóxico e un 3% fins sociais, unha vez descontados os gastos xerais (servicios administrativos, etc...), hai por tanto unha desproporción enorme entre os diferentes obxectivos".

"Só existe unha planificación en base a especies de rápido crecimiento, nós demandamos unha planificación a medio e longo plazo".

"Na prensa e na rádio só se recoller as escelen-cias do Plan pero non se escuchan as voces crí-ticas. Na súa elaboración non houbo un xogo limpo, e agora non se quere debatir".

**(Da intervención de
X.M. Penas Patiño na mesa redonda
citada)**

mes por cada 10.000 has. de bosque aos eucaliptos e ás coníferas de crecimiento rápido que ás especies caducifolias; igualmente o gasto en prevención é mui superior nas primeiras que en estas últimas, e sobre todo se se opta como fai o Plan por un modelo de bosques monoestepíficos. Ao marxen de que esto demostra que o modelo adoptado é mais caro e que a factura imo-la pagar os contribuintes, esto quiere decir que a maior e más certa partida dos investimentos do plan vai ir destinada ás especies de crecimiento rápido: un plan público que o que fai e promover as tendencias actuais do mercado de resultados ben coñecidos.



Pero esquezamos o anterior e supoñamos que xa estamos no 2.032 coa maior parte dos activos dependendo dun forestal que produce mais que agora, pero cos mesmos métodos. ¿Pagaron a pena os enormes investimentos e os costes sociais e de oportunidade a eles asociadosen que incorrimos -entre eles o abando-no de 70.000 ha. de solo agrícola real e algo mais de solo agrícola potencial?, ¿milloraron os prezos relativos do pino e do eucalipto que son o 85% da nosa produción madeireira? ¿mudaron as tendencias do comercio europeo da madeira, xa que o déficit de madeira da CEE foi un dos motivos que nos impulsou a aquela orientación?. Estas preguntas non deben ser mui importantes para que un Plan de 660 páginas non dedique nem siquera unha línea á previsión das ten-

zación de productos sustitutivos" -entre eles o recicla-do- como unha das causas dos péssimos resultados das empresas de celulosa nos últimos dous anos ¿Non vai a haber sustitutos da madeira -ou de certas madeiras- nos vindeiros 40 anos?

Ao final resulta que o Plan tende mais a facer cába-las sobre muitas cousas que están fora do acado da Xunta que a explicitar a política a seguir nos eidos que sí que o están (por exemplo, distribución dos incentivos segundo especies, política de reestrutura-ción do subsector de aserrío, actuación e tipoloxía dos espacios a protexer, etc).

En conclusión, o Plan Forestal non só pula un modelo forestal desafortunado senón que o sustenta nun cálculo económico pouco verosímil, que non ofre-ce garantías de chegar a porto. Non resulta difícil pre-ver en qué vai quedar o Plan logo duns poucos anos: vários milleiros de millóns de pts. gastados en pistas e subvencións, unha administración forestal cara, e un forte aumento da producción de eucaliptos, que nen siquera hai garantías de que se transformen aquí. Do resto dos contidos do Plan acordarán-se únicamente os historiadores que seguirán chamando no deserto dunha Galiza muito mais erosionada que a actual a non repetir os erros que se cometieron na última déca-da do século XX.

ACTUALIDADE
ADEGA





A PLANTA DE COMPOSTAXE DE MOUGA: GOLPE DE GRACIA AO RECICLADO NA GALIZA

MANUEL SOTO CASTÑEIRAS

Aintención da Xunta, de desfaçer-se da planta de reciclado de Mougá, semella ben patente ao enviar a COTOP o seu equipo especialista en incineración, formado polas mesmas persoas que redactaron

o Plan das Incineradoras para o tratamento de R.S.U., con Felipe Macias a cabeza. Isto, cando existen nas Universidades Galegas, outros profesionais especializados no tema do compost.

O resultado do informe, é a recomendación do peche da planta, ou a sua reconversión en estación de transferencia cara a próxima incineradora a situar en Meirama, baseando-se para elo unicamente

na inexisténcia de benefícios na planta de reciclado. Semella a luz deste oportuno informe, que calquera actividade en torno ao tratamento das basuras deve xenerar uns benefícios netos. A caso a incineración prevista no plan da Xunta, que requere inversíons por mais de 20.000 millóns, vai a xenerar algún tipo de benefícios?. O informe de tal equipo técnico cabe tildá-lo cando menos de pouco serio e superficial.

A irresponsabilidade de Erpo e dos governantes dos concellos da Mancomunidade, con Narón e Ferrol a Cabeza, se non cambian muito as cousas, vai a dar ao traste coa única experiencia real de reciclado na Galiza, e cortar de raiz os froitos do traballo de base de tantas persoas sensibilizadas co meio ambiente e a conservación da natureza. Segundo semella, Cuiña e as incineradoras levan as de gañar.

A PLANTA DE RECICLADO DE MOUGA

Cunha inversión total de 400 millóns de ptas, aportados polos concellos da Mancomunidade de Ferrolterra (230 millóns), a Diputación de A Coruña (70) e a Xunta de Galiza (100), segundo un proxecto que arranca de mediados dos 80, no verán de 1991 foi posta en marcha esta planta de reciclado de resíduos sólidos urbanos.

O proxecto técnico prevé o tratamento nesta planta dos resíduos de tipo urbano ou asimiláveis da Mancomunidade, a través da separación selectiva das diferentes fraccións das basuras, e o compostaxe da fracción orgánica. Parte desta fracción orgánica dedicará-se a produción de lombrices vermellas, destinadas a alimentación animal, e de humus, para o acondicionamento de solos de invernadeiro. Outras fraccións como os metais e o vidro serán vendidos directamente, así como a maior parte do compost, que constitue un excelente abono orgánico e biológico. No proceso produce-se unha pequena fracción de rechazos, non recicláveis, para os que se prevé a construción dun vertedero controlado.

Para a sua explotación asinou-se

un convénio por 10 anos coa empresa Erpo, no que se contemplaba un canon de explotación de cero pesetas. Por tanto, a venda dos produtos recicláveis e do compost, xuntamente coa lumbricultura, considerava suficiente para rendabilizar a operación da planta. A construcción e costes de funcionamento do vertedero controlado correrían tamén da man de Erpo.

A previsión de postos de traballo é de 7 persoas na sección de reciclado, e de 3 persoas na sección de lombricultura, que entraría en funcionamento uns meses depois de facé-lo a planta de reciclado.

achacados por parte da empresa concesionaria a chegada de todo tipo de materiais, incluídos resíduos tóxicos, para os que a planta non está deseñada, mentres que por parte de algúns concellos, principalmente Náron e Ferrol, acusan a Erpo de incumprimento de contrato. Estes dous concellos van a ter unha actitude claramente diferenciada da dos demás membros da Mancomunidade, nos acontecimentos que logo sucederán.

O AFLORAMENTO DOS PROBLEMAS: MANIPULACIONS E LUITA DE INTERESES.

Até aquí o proxecto técnico, dado a coñecer públicamente, e que se axusta a alternativa do reciclado integral dos resíduos. Semella que esta alternativa de tratamiento dos resíduos sólidos urbanos ia a ser unha actividade rendábel, que permitiría criar postos de traballo e mesmo beneficios a empresa explotadora, sen lles costar ren aos concellos implicados nem a Administración da Xunta. O tratamento dos resíduos urbanos tiña-se convertido así nun transparente negocio pero, como veremos, ficou nun simples negocio eleitoral.

En plena campaña das eleccións municipais de 1991, en maio, inaugura-se a planta a bombo e platillo, aínda que a data contemplada no contrato, posterior, é a do 11 de setembro. Xá en outubro aparecen os problemas de funcionamento,

O INFORME TECNICO E O PECHÉ DA PLANTA DE RECICLADO

A finais de fevereiro de 1992, a Mancomunidade decide sacar a novo concurso a explotación da planta, incluíndo a paga dun canon por parte dos Concellos á empresa que se encargue da explotación. A continuación entra en xogo a COTOP do señor Cuiña, co seu Comité Científico de R.S.U, que elabora un "informe" acerca da planta, con data do 5 de marzo. Porén, este informe non se fai público, de momento. O 20 de marzo, o Concello de Ferrol procede a decretar o peche da planta de reciclado, acusando-a de grave impacto ambiental. A decisión toma-se sen consultar aos demás socios da Mancomunidade.

Mais adiante, en reunión co alcalde de Ferrol, Cuiña fai-lle entrega a aquel do documento técnico, declarando: "...o sistema de compost é inviável, ao menos no

OPINIÓN
ADEGA



senso económico, de forma que a planta de compost deve converterse nunha planta de transferéncia..." cara ás novas incineradoras a instalar. Continua Cuiña: "... a alternativa do goberno galego, para a cal me deu o apoio o alclade de Naron, seremos capaces de sacá-la adiante". Dias atrás, Naron e a COTOP acordan unha colaboración por mais de 100 millóns de ptas, destinadas a mellora do servizo de limpeza, cantidade mui superior a invertida por este Concello na propia planta de Mougá.

Con esta situación a vista, a Xunta xestiona o vertido de resíduos urbanos nas escombreiras de As Pontes, e pronuncia-se non só pola paralización da planta de reciclado, senón tamén pola paralización do proceso de concurso público para a adxudicación da explotación da planta.

Mentres tanto, na primeira semana de abril, os concellos da Mancomunidade presentan un recurso contra a actuación da Comisión de Governo do Concello de Ferrol, por posível prevaricación na paralización da planta de Mougá. A finais de Abril, Xunta e Governo Civil fan pública a intención de impugnar o peche da planta de reciclado. O informe técnico non se tiña variado.

P OSIVEIS ACTUACIONS PARA A MELLORA DA PLANTA DE RECICLADO

Podemos afirmar que a planta foi construída e posta en marcha en precario, derivando-se os seus problemas de dous factores determinantes. O primeiro deles é a

pouca clarificación acerca de como se vai facer a separación das diferentes partes da basura, pois a maioria dos concellos implicados non iniciaron os plans de separación e recuperación en orixen (do vidro, papel, etc), e a planta de compost, non conta con todos os elementos técnicos para unha clasificación e separación o suficientemente efectiva.


O outro aspecto, é o da comercialización do compost, hoxe totalmente descoñecido na Galiza. Porén, os responsábeis da planta non consideraron necesario a realización dalgún tipo de campaña informativa e de divulgación deste produto. O mercado particular non existe praticamente. Tampouco se consideraron outras alternativas como a utilización do compost na recuperación de zonas erosionadas, sexa por incendios, mineria, etc, das que non nos fallan extensións neste país.

Só algúns dos concellos da Mancomunidade, presumivelmente aqueles mais perxudicados polo peche da planta, e que non tomaron parte nas componendas coa Xunta, apontaron medidas que poderían mellorar o funcionamento da planta de reciclado. Entre elas:

- 1) Clausura e selado do vertedero incontrolado de Ferrol, algo ao que este concello se negou sistematicamente.
- 2) Construcción dun foso de recepción de resíduos na Planta de reciclaxe.
- 3) Construcción dun vertedero de inertes non recicláveis.
- 4) Control e proibición absoluta do vertido de aceites, resíduos tóxicos e clínicos que podan danar o proceso de reciclado.
- 5) Servicio de recollida selectiva de lixo, co obxectivo de seleccionar e reciclar previamente algúns materiais como vidro, papel, etc; é dixer, separación selectiva en orixen.
- 6) Promoción e abertura de canles de comercialización do compost.



EXPERIENCIAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NOS CENTROS DE ENSINO



A Curuxa é un colectivo intercentros coordinado por Xosé Mendoza, profesor do I.B. Xelmírez II de Santiago. Están integrados nel os Institutos "Virxe do Mar", de Noia, e os Xelmírez I e II de Santiago, participando nas diferentes actividades programadas ao longo do ano, aproximadamente, 10 profesores e 70 alumnos.

Pretendemos que os problemas ecolóxicos sonen nos nosos centros, e que a educación ambiental se vaia integrando nas diferentes áreas, disciplinas ou unidades componentes dos currícula. Facemos un programa de rádio desde a nosa emisora escolar "Rádio Xelmírez", en FM 107'8. Impulsamos a recuperación de papel usado nos nosos Centros, noutros centros de Santiago e bisbarra, e entre os veciños dos bairros, como no caso de San Lourenzo-Poza de Bar. Plantamos árbores, andamos en bici, apoiamos a AGENG, ADEGA, SGHN, Greenpeace, e a todos aqueles colectivos que loitan por un mundo mais xusto e solidario.

Estamos convenidos de

ALLER AMBIENTAL “A CURUXA”

que a loita política e a loita ecoloxista devén ir unidas nunha amalgama de cor verde, vermella, violeta e branca.

A continuación, a modo explicativo do que son as nosas actividades, voa a expoñer aquelas actividades previstas para a commemoración do Dia Mundial do Meio Ambiente, e do Cúmio da Terra en Rio de Janeiro:

- Confección dunha "árvore da vida", co compromiso de todos os alumnos e profesores interesados.
- Elaboración dun mural alusivo aos devanditos eventos, no valo exterior do Instituto.
- Saídas ecociclistas semanais, para preparar o itinerario Camiño de Santiago, que realizaremos cun grupo de 30-35 alumnos entre o 10 e o 20 de xullo próximo.
- Celebración do 5 de xuño na Praza Roxa de Santiago, a partir das catro do serán, coas actividades-accións seguintes: grupo de gaitas, recollida de firmas en apoio a diferentes campañas nacionais e internacionais, presentación de pegatas e da 2ª edición da nosa revista "As follas verdes do Talller" adicada á América, exposición e distribución de camisetas deseñadas para este dia por alumnos do centro, elaboración de papel reciclado, etc.

Día da Bici (mércores 3º de xuño). Concentración masiva de bicis no Instituto ás 13 horas, travesía propagandística polo centro de Santiago, e xantar no lugar de Chaián,

ACTIVIDADES

nas beiras do río Tambre..

- Presentación do traballo "O lixo na nave Terra", nas Xornadas Galegas de Educación Ambiental (25, 26 e 27 de xuño en Santiago). O estudo consiste na análise, clasificación e recuperación do lixo doméstico xenerado por catro familias diferentes de Santiago, durante un mes. Coa matéria orgánica elaboramos compost, cos inertes confeccionaremos unha grande estátua

dedicada ao monstro do lixo, o vidro irá a parar aos contenedores municipais, e rexeitaremos unha fracción inservíbel que calificamos de "resíduos tóxicos e perigosos".

- Con parte do papel e cartón recuperados organizamos obradoiros artesanais de papel reciclado para todos os alumnos de 1º curso do Instituto, co obxectivo de que establezan contacto coas actividades do Taller e se sensibilicen sobre os

problemas medioambientais e coñecan as actividades ecoloxistas.

- Tamén recorreremos o Concello de Santiago para realizar diferentes tomas videográficas sobre aspectos relevantes da situación medio ambiental do concello: Ensanche, planta municipal de reciclaxe, depuradora de águas de A Silvouta, Casco Vello, Monte Pedroso, Ríos Sar e Sarela, Parque da Alameda, papeleira de Brandia, etc.



OBRADOIROS DE RECICLAXE DE PAPEL

O dia 5 de abril numerosos grupos ecoloxistas sairon ás ruas das suas respeitivas localidades onde realizaron obradoiros de papel reciclado no cadre dunha actividade promovida pola Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas da Galiza.

En Compostela, a praza do Toral foi-se enchendo progresivamente desde media mañán de numerosos paseantes que, ollos sorprendidos e, curiosos, iban-se achegando ás diferentes peneiras de onde se desprendia a pasta de vellos xornais es papel usado transformada en nova matéria utilizábel. Alí estivemos ADEGA-Santiago e a "Curuxa" do I.B.M. Xelmírez I e II e membros do I.B.M. Eduardo Pondal explicando o proceso da reciclaxe e facendo demostracións prácticas a pesares da "desafortunada" actuación dalgún membro da policia municipal que pretendeu botarnos da praza con amiazas e métodos anacrónicamente autoritarios, antes siquera de comezar o noso traballo. A fortuna, porén, estivo con nós xa que o alcalde da cidade ambulaba polos arredores e a instancia nosa, "invitou" discretamente aos policías a desistiren das suas pretensións.

Sen mais anécdotas que a ledicia e a boa acollida de nenos e maiores, transcorreu a xornada co balanzo de nengunha árbore talada e muito papel onde seguir plasmando infinidade de ideas.

Dias mais tarde e respondendo ás inquedanzas de estudiantes e profesores dos Institutos de Formación Profesional e Bacharelato de A Estrada, ADEGA-Santiago voltou a pór en marcha os seus obradoiros de papel reciclado. Aproveitou-se

unha pequena parte do papel usado que en ambos centros se está a almacenar como ingrediente base, e, despois de explicar-lles a todas e a todos o proceso da reciclaxe artesán paso a paso, puxeron-se inmediatamente máns á obra. Os resultados, uns mais artísticos que outros serviron para dar-lles a coñecer a viabilidade deste proceso, que, a nivel industrial, implica aforro de árbores e de enerxía e reutilización do papel vello que polo de agora ainda se segue a desperdiciar como se de lixo se tratase. Alumnas e alumnos, profesoras e profesores,

sen esquencer a inestimável axuda dos bedeis amosaron un grande entusiasmo e participaron activamente nesta actividade o que augura un prometedor futuro desta alternativa da reciclaxe que está a ser abrazada cada dia por mais e mais xente.

Unha proba mais delo é que esta actividade continuará a desenvolverse en distintos centros de ensino. Próximamente levaremos os nosos obradoiros ás ruas de Carballo onde nos están a agardar mozas e mozos que tamén apostan pola reciclaxe.



ITINERARIOS ECOLÓXICOS ADEGA

Alén dos sempre recorridos Ancares, Courel, e algún outro sitio, na Galiza existen aínda espacios naturais de grande riqueza que necesitamos conservar, espacios muito mais numerosos do que se nos fai saber, en ocasións mui perio de onde vivimos.

Infravalorados e acosados por todo tipo de agresións, resultan mesmo descoñecidos para os ecoloxistas que por ai andamos, e xa non digamos para a sociedade en xeral. Un mellor coñecimento dos mesmos é unha via para podé-los defender, ao mesmo tempo que

para aprender a respeitar a natureza no seu conxunto. Os itinerarios ecolóxicos son, pois, unha forma válida, senón a mellor, de encarar este obxectivo.

Chamamos-lle itinerarios ecolóxicos non só porque se trata da visita a determinadas zonas naturais, mas tamén porque devén realizaqr-se pensando nunha forma de entender o tempo de lecer alternativa a da actual sociedade consumista. A utilización de medios colectivos e alternativos de transporte (autobús ou tren para os longos desplazamentos, itinerarios a pé, en bici, etc), as actividades de coñecimento e de aprendizaxe de relacións respeituosas coa natureza (coa inclusións de charlas e debates sobre aspectos naturais ecolóxicos ou sociais), e a práctica dunhas relacións de comunicación e solidariedade entre as persoas, a través de diferentes actividades e xogos cooperativos, son algúns dos elementos de maior importancia.

Con estas premisas, Adega de Santiago ven organizando ultimamente unha serie de roteiros ecolóxicos, nos que se combina o interese ecolóxico-natural e cultural da zona visitada coa necesidade de protección deses espacios. Así, os roteiros Pico Sagro-Ponte Ulla, Baldaio-Verdes, Merza-Carboeiro, Rios Sar e Sarela, Facha-Ponte Albar, son algúns dos roteiro xá realizados ou nos que se está a travallar neste momento.

Non nos olvidaremos dos Ancares e do Caurel, pois todos nós devemos coñecer estes entornos que contan coa maior riqueza ecolóxica imaxinábel. Iso si, coa precaución suficiente para non causar danos a flora e fauna, ou ao ecosistema en xeral, como está a ocorrer hoxe con muitas actividades turísticas.



Baldaio destaca como unha das zonas húmidas costeiras de maior valor como centro de repouso e invernada para un bon número de aves acuáticas. Por outra banda, os vexetais que colonizan estes meios, sometidos a condicións ecolóxicas moi adversas, están especialmente adaptados, existindo un elevado número de plantas exclusivas desta zona, e incluso endemismos.

Considerada como zona de interese a nivel internacional, só o traballo de grupos ecoloxistas e persoas desinteresadas supuso un freo ás fortes agresións que Baldaio ben sofrindo nas últimas décadas. Porén, o desinterese que de sempre mostrou a administración explica que non se teña avanzado na sua protección e recuperación.

A CASA DA TERRA: VACACIONES ALTERNATIVAS

Se queres pasar un verán maravilloso no campo, con xente da tua idade e nunha casa rural do corazón de Galiza... Se te gostaria coñecer mil maravillas da Natureza, facer pan, queixo, manteiga, cultivar a horta, coñecer a apicultura, facer cestos, coiro, cerámica, teares, fabricar artesanalmente papel reciclado, construir caixas niño, pasear en balsa polo río Ulla, construir unha palloza ou restaurar un muiño... Se tamén te gostaria pasear baixo as estrelas, dormir nun tipi índio, ou tocar os tambores ao redor do lume, bañarte no río, facer teatro, fotografía, yoga, xogos cooperativos... Se queres convivir cos animais de granxa e tomar comida sana...

Veremo-nos na CASA DA TERRA!

LUGAR:
Portocarreiro. Alvidrón.
Antas de Ulla (Lugo).

TURNOS:
1º - Do 5 ao 19 de Xullo,
Maiores de 18 anos (33.000
ptas)

2º - Do 8 ao 22 de
Agosto, De 11 a 14 anos
(33.000 ptas)

3º - Do 28 de Agosto ao
6 de Setembro, De 5 a 10
anos (22.000 ptas).

(Os de 15 a 17 anos,
consultar a organización).

INSCRIPCION:
O número de prazas é
limitado a 30 rapaces/as por
orden de inscripción, que se
deve realizar antes do 15 de
xuño.


ORGANIZA: ASOCIA-
CION CULTURAL APERTA.
EDUCACION AMBIENTAL.

ENDEREZO: 15172 -
Perillo. Oleiros (A Coruña) -
GALIZA.

Tlfno. (981) 63 60 40 -
63 83 66

ENCONTROS ESTATAIS DE CICLOTURISTAS E CICLISTAS URBANOS/RURAIS

Xevale organiza estes encontros estatais, basando a dinámica dos mesmos en



vários puntos: VIAJES, CULTURA (camiño de Santiago e Ribeira Sacra), ECOLOXIA (percorridos por zonas de maior importancia ecolóxica de Galiza, como a Serra do Caurel), SOLIDARIEDADE (campaña Bicis Si, Bombas Non, campaña A Bici no Terceiro Mundo), DIVERSIÓN (xogos cooperativos, música, poesía, teatro), DEBATES (sobre ecoloxía, bicis, cidade, ...), GASTRONOMIA, ARTESANIA e REIVINDICACIONS.

DATAS: do 19 ao 26 de xullo de 1992, ambos inclusivos.

LUGAR: comarcas do sul de Galiza.

PROGRAMA: O programa contempla os desplazamentos en bici entre as diferentes localidades visitadas, con traxectos que varian entre 20 e 45 km, pero mais habitualmente uns 30-35 km. Entre as actividades destacaremos unha noite de poesía en O Cebreiro; visita ao Mosteiro de Samos, cun

repaso a Histórias e Lendas de Galiza; a Ruta do Románico pola Ribeira Sacra; e outras actividades diversas, entre elas a presentación da campaña "Bicis Si, Bombas Non".

ORGANIZA: XEVALE BICICLETEROS / CONBICI GALICIA. Avda. Portugal 16, 27500-CHANTADA (LUGO). Tlfnos. (982) 44 03 68, 40 46 09

ción itinerante elaborada pola Comisión Pro-Amazónia do Estado Español e AEDENAT, co patrocínio da Aula de Ecoloxía do concello de Madrid. Fai un percorrido pola historia, a xeografía, as culturas indíxenas e a actual destrucción da Amazonía. 150 paneis con fotografías, mapas, textos, dibuxos, notas de prensa e unha colección de obxectos etnográficos pertencentes ás culturas indíxenas amazónicas. Aberta en horario de mañá e tarde.

ORGANIZA: Taller de Educación Ambiental do I.C.E. da Universidade de Santiago de Compostela. Coordina Manuel António Fernández Domínguez.

"CADERNOS TEMÁTICOS DE INVESTIGACIÓN" E CONFERENCIA DE JOAN MARTÍNEZ ALIER

Presentación dos novos números desta serie de Educación Ambiental, que xá vai polo número 14. J. Martínez Alier, profesor da Facultade de Económicas da UAB, dará unha conferencia co título de "Da Economía Ecológica ao Ecoloxismo Popular"

Alier fará a presentación dos seus dous últimos livros: "La Ecología y la Economía", Fondo de cultura económica. "De la economía ecológica al ecologismo popular", Icaria. Presentará-se tamén o recién editado número 3 da revista "Ecología Política". Debatiráse entorno a UNCED de Rio.

Sá de exposiciones de Sargadelos, Rua do Vilar. Santiago, o 12 de xuño, ás 19:30 h.

ORGANIZA: Taller de

EXPOSICION "AMAZONIA URXENTE"

DATAS: 8-30 de xuño
LUGAR: Museo do Pobo Galego. Santo Domingo de Bonaval. Santiago
Trata-se dunha exposi-

Educación Ambiental do I.C.E. da Universidade de Santiago de Compostela. Coordina Manuel António Fernández Domínguez.

XORNADAS INTERNACIONAIS SOBRE A CONSERVACION DOS BOSQUES ATLANTICOS

DATAS: 1, 2, 3 DE xullo.

LUGAR: Pazo de Mariñán, A Coruña.

OBXECTIVOS: Apesar do seu valor, a maioria dos nosos bosques carecen dunha protección axeitada que garanta o seu futuro, estando, pola contra, submetidos a múltiples amazas de destrucción, que poden levar nun prazo de poucos anos, de non seren tomadas medidas conservativas, a perda irreparable dun importantísimo patrimonio natural do noso país.

Conscientes disto, os organizadores destas Xornadas pretenden chamar a atención sobre a importancia da conservación deste patrimonio, contribuir ao seu coñecimento, e colaborar a definir propostas concretas que permitan a posta en marcha dun plan de actuación e medidas destinadas a garantir o futuro dos nosos melhores bosques autoctonos.

Con esta filosofía foron convidados a participar:

- Expertos forestais dos países e rexións con bosques similares aos galegos.
- Representantes dos organismos de conservación da natureza das comunidades autónomas de Asturias, Cantabria e Euskadi, e dos Estados portugueses e español.
- Representantes da

Xunta de Galicia, e dos grupos políticos representados no Parlamento Galego.

- Servizos de Conservación da natureza das Comunidades Europeas.

Polo momento teñen confirmada a sua asistencia:

- D.M. Oliver, do Countryside Council for Wales.

- G. Peterken, do Joint Nature Conservation

Committee. Reino Unido.

- A.J. Craig, Director do Parque Nacional de Killarney. Irlanda.

- Jean Marie Geho, da Universidade de París, França.

- Cátedra de Botánica da Universidade do País Vasco.

ORGANIZAN: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza), e a Diputación Provincial de A Coruña.

ENDEREZO DE CONTACTO: ADEGA. Emilía Pardo Bazán, 25 2º. 15005 - A Coruña. Apdo. de Correos 1183 de A Coruña.

ASOCIACION DE AMIZADE GALEGO-CUBANA “FRANCISCO VILLAMIL”

A Asociación de amizade galego-cubana “Francisco Villamil” de Compostela comezou a traballar en xullo de 1991. As suas primeiras actividades foron o inicio da campaña de recolleita de material sanitario e a planificación de actos culturais e dun boletín. As primeiras caixas de medicamentos foron enviadas a Cuba no buque “Mar Océano” o catorce de marzo deste ano, xunto co recollido por distintas asociacións de solidariedade e amizade Galliza-Cuba.

Nestes momentos, estamos finalizando a segunda recolleita de material didáctico e de almacenaxe de papel vello para a sua posterior reciclaxe (en Cuba están mui avanzados na producción de papel reciclado).

Esta campaña de material didáctico desenvolráse convxuntamente entre esta asociación e os institutos de EE.MM. de Compostela e de A Estrada, ademais do C.A.F. de Compostela, que fará o seu labor nas distintas facultades do campus.

A idea de facer estas campañas de solidariedade está ligada ao desexo por parte dos que constituimos a Asociación de que Cuba poida seguir construindo unha sociedade culta e desenvolvida, acordo cos seus obxectivos aos que ano tras ano non renúncian no seu contínuo resistir perante o bloqueo e as presións dos EE.UU. e os seus aliados. Sendo agora os EE.UU. a única potencia mundial, sen ningún ante quen ter que xustificar-se ou disimular, a situación de Cuba ve-se emperrada. Ao bloqueo ianki há que engadir a política submisiva que, a respecto del, manteñen non só os estados occidentais senón os países que, até agora, configuraban o mercado internacional da illa.

A Asociación, que naceu en Vigo há uns sete anos e se está expandindo por outras cidades e vilas da Galiza, forma parte da “Coordinadora Galega de solidariedade con Cuba”, xunto con outros dez grupos e asociacións do campo da solidariedade internacionalista. Así mesmo, é integrante da “Coordinadora estatal de solidaridad con Cuba” (C.E.S.C.), acarón de trinta e cinco organizacións de todo o Estado Español.

O local desta Asociación en Compostela acha-se na Rua do Vilar, 29-1ºC, e, dende agora, animamos-vos a todas e a todos a pasar por el e a prestar a vosa axuda en todo o que poidades, ou a solicitar información sobre cultura, ecoloxía, política,... en suma, a realidade cubana. Toda colaboración será ben recibida. Cuba necesita a tua axuda solidaria! Viva Cuba! “P’arriba y p’alante. Colabora!

ASOCIACION DE AMIZADE GALEGO-CUBANA
“FRANCISCO VILLAMIL”.

CURSO DE VERAN “ECOLOXIA E HISTORIA”

Santiago e Noia, 6-10 xullo 1992

Dentro dos cursos de verán da Universidade de Santiago inclui-se este ano un curso coordinado polo prof. Carmona Badía no que coa participación de especialistas de varios países van-se tratar tres bloques de temas. Dunha banda, temas teóricos como as relacións ecoloxía/história ou a problemática da xestión dos recursos naturais de propiedade colectiva. Doutra, a historia da explotación dos recursos mariños, e finalmente a historia da política forestal e os conflitos agromados en torno a apropriación do monte en unha perspectiva histórica. No curso participarán como ponentes, entre outros, Diego Moreno (Universidade de Génova), Federico Aguilera Klink e Alvaro Díaz (Universidade de La Laguna), Manuel González de Molina (Universidade de Granada) e Helen Groom (EHNE-País Vasco).

CONTRA O SALTO DE SELA

O día 16 de abril a Plataforma por Arbo organizou umha mesa redonda naquela vila na que se acordou criar a Coordenadora Internacional Anti-Salto de Sela. Ista Coordenadora vai-se constituir o dia 13 de junho no Hotel Colon de Tui, ás 18 horas (hora galega), estando convidados ao acto todos aqueles colectivos preocupados polo futuro do río Minho. No entanto, os amigos de Arbo mandan-nos um breve comentario sobre o tema que com muito gosto publicamos aparte.

"Moitas son as razons a enumerar contra da prevísivel construcom dumha nova barragem no Minho. A fundamental quiçá seja a non legitimidade democrática do acordo que concedeu, aló polos anos setenta, à exploraçom dum tramo do río a intereses privados. Daquela, tanto no Estado español como no portugués existiam governos ditatoriais cuja legitimidade está hoxe ultrapassada. Se isto non fosse suficiente, a construcom do Salto do Sela tem efeitos ambientais, sociais e económicos de

longo alcance que, aló menos, deberiam ser incorporados para avaliar a idoneidade da referida construcom. A foz do Minho há perder todo o seu enorme valor ecológico, centos de familias já non desfrutaram más dos ingresos complementarios procedentes da pesca, o capital histórico e potencialmente económico representado polas pesqueiras há desaparecer baixo a lógica destrutiva que hoje domina a sociedade de mercado.

A construcom desta barragem provocaría, definitivamente, a morte do río Minho e sería umha prova mais de exploraçom de recursos locais por intereses foráneos. ¿Qué necesidades van-se cobrir coa electricidade que se

produza? ¿Qué futuro agarda á populaçom ribeirenha?

Nos últimos tempos, tanto no Condado galego como no Alto Minho portugués estamos a assistir a umha relativa modernizaçom das exploraçons vitivinícolas. A construcom da barragem afogaría este desenvolvimento. Ainda estamos a tempo para evitarmos a degradaçom irreversível dum ecossistema que, logo de miles de anos de vida, pode ficar destruido polo predominio da lógica do beneficio a curto prazo. Desde o Sul de Galiza e o Norde de Portugal já estamos a unir os nossos esforzos para loitar contra dessa demostraçom de poderio e necerdade humana."

DIOXINA PA'LOS POLLOS

Nunha das reunións organizadas para certificar a bondade do Plan Forestal, José Pérez Vilariño, catedrático de Sociología e segundo o xornal "responsable de la Asociación para el Progreso Forestal" mostrou-se preocupado pola excesiva presencia que na prensa teñen ao seu xuízo os ecoloxistas e fixo un chamado a "ocuparse de que el éco de las tesis de las empresas ante la opinión pública sea mayor. O paso seguinte é pedir a reinstauración da censura de prensa, o que non nos extrañaría nada neste polo que como é ben sabido foi un dos responsábeis da elaboración do Plan Forestal, e especialmente no apartado alcumado "Cultura Forestal", especificamente destinado a combater aos ecoloxistas e evitar a sua presencia na opinión pública.

Temos xa preparado para él un surtido de dioxinas que lle mandaremos nos vindeiros días, con unha carta na que lle recomendaremos se preocupe máis de cumplir co seu traballo docente que do que fagan os ecoloxistas.

Dolidos por el eco de los ecologistas en los medios de comunicación

El catedrático de Sociología de Santiago y responsable de la Asociación para el Progreso Forestal (APF), José Pérez Vilariño, aseguró en relación a la mala imagen que tienen las industrias forestales que «la prensa vende noticias como ustedes S2las empresas venden pasta: tienen que crearla».

Pérez Vilariño, en respuesta a un empresario indisolublemente dolido por el tratamiento que «cierta prensa» da a las industrias forestales, dijo que los medios de comunicación reproducen sistemáticamente y con generosidad cualquier comunicado que distribuya un grupo ecologista.

Financiar prensa


Para contrarrestar este hecho, abogó por ocuparse de que el éco de las tesis de las empresas ante la

MONTES E INDUSTRIA

PRADA BLANCO, Albino, *Montes e industria. O circuito da madeira en Galicia*, Fundación Caixagalicia, Vigo, 1991

Apesar da súa oportunidade, xa que aparece nun momento en que o debate do Plan Forestal sitúa o tema do monte nun primeiro plano da actualidade, non estamos perante un libro de ocasión, senón mais ben perante un traballo sério e rigoroso, destinado a durar. Un traballo que, por primeira vez, integra na análise todos os elementos que interveñen no que él mesmo denomina o circuito da madeira, é dicir desde a silvicultura até os últimos chanzos do proceso de transformación. Esa visión global é a que lle permite chegar a un diagnóstico dos principais problemas do sector e implícitamente a indicar os vieiros polos que estes atoparian solución.

O libro comeza analizando a historia recente do sector forestal, relacionando gran parte dos problemas actuais -incendios inclusive- coa perda forzada da tradicional funcionalidade do monte e cos obxectivos exclusivamente lignícolas que se lle asignan. Analiza á seguir os usos e a propriedade actual do monte a traveso do estudio comparativo dos mais recentes inventarios forestais, para pasar logo ao estudio das cadeas produtivas da madeira, da produción e consumo de cada unha delas e dos problemas estruturais que presentan. Inclui-se un



importante apartado sobre o mercado e os prezos da madeira, onde se demostra como aquel tende a reforzar os comportamento esquilmadores tendentes á percura da rendibilidade a curto prazo e a reforzar a conducta absentista dos propietarios, e conclui o libro situando o circuito galego da madeira no seu contexto español e europeo, capítulo este último de extremo interese no que se examina a asimetría entre o circuito galego e o europeo da madeira e o papel que Galiza cumple como xeradora dos productos mais pobres en creación de valor e emprego.

Sendo o libro de Albino Prada un libro de economía, é unha ferramenta de traballo básica para calquera persoa que se interese polos problemas forestais desde un punto de vista ecológico. ¿Por qué?, pois porque fornece os dados e as análises precisas para intervir nun ámbito no que a carón dunha política conservacionista é preciso tamén ofrecer alternativas económicas viábeis que permitan compaxinar a defensa ambiental co aproveitamento económico do monte. E ademais, e isto é desde o punto de vista dun ecoloxismo rigoroso, o principal interese do libro, o autor demostra palmariamente que o desastre ecológico que ocasiona a lignicultura en Galiza non ten como contrapartida o aumento da riqueza do pais nen siquera no corto prazo. Que polo tanto, non só desde un punto de vista estrictamente ecológico, senón tamén desde un punto de vista rigorosamente técnico-económico un modelo forestal baseado en eucaliptus e coníferas debería ser desbotado.



LA ECOLOGÍA Y LA ECONOMÍA

MARTINEZ ALIER, JOAN, *La ecología y la economía*, México, Fondo de Cultura Económica, 1991

O libro de Joan Martínez Alier é umha ajuda tanto ao conhecimento da ciéncia económica como á elaboraçom de alternativas de desenvolvimeto possíveis e respeitosos coas condicions ecossistémicas.

A crítica à economía convencional que o libro realiza centra-se no tratamento que esta dá aos efectos de longo alcance no uso de recursos esgotaveis e na contaminaçom. A logica do mercado, onde toda asignaçom de recursos vai acompañada dum intercambio, non é válida para establecer umha asignaçom intergeracional de recursos esgotaveis e/ou inserçons no meio ambiente com efectos dura-deiros. Como os posíveis beneficiarios ou perxudicados por esos efectos de longo prazo ainda non nasceron, non poden emitir as suas preferencias e, polo tanto, fica invalidada a asignaçom realizada a través do aparelho conceptual da economía convencional. Di-nos Martínez Alier que só mediante a incorporaçom de criterios éticos podemos realizar umha asignaçom racional.

Despois de relativizar a importancia dos modelos económicos vigentes e dominantes, a economía ecológica, disciplina na que há que enquadrar o libro de Alier, identifica a economía co estudo do fluxo de energia e materiais nos ecossistemas onde vivem homes e mulheres. Isto é, sem tomar em conta as raízes físicas do proceso económico, dificilmente poderemos elaborar modelos de comprensom da realidade e alternativas de desenvolvimentos sustentáveis no longo prazo. A valia do traballo de Alier radica na recuperación dos ensinos de diversos científicos, sobre todo naturais, para construir científicamente as bases dumha utopia ecológica: isto é, compatibilizar o desenvolvimeto económico coa organizaçom e as leis que informam ao funcionamiento dos sistemas ecológicos, onde, necesariamente, vai-se desenvolver a vida.

O trabalho de Alier é, tamén, um manifesto contra da desigualdade reinante nas relaçons económicas e sociais. Non só as diferencias no uso e degradaçom da energia entre persoas e territorios, senom tamén o fomento das actividades altamente intensivas na utilização de recursos naturais esgotaveis e altamente contaminantes, som consequências da existência histórica do mercado generalizado e da sua ética depredadora. Frente a esta situación de domínio e destrucción, Alier proponha novas formas de vida colectiva como modelos igualitários de reproduçom económica para todo o mundo.


Por último o libro acerca-nos aos movimentos sociais de defensa dumha "economia moral" e dumha "economia ecológica" que se resistem á mercantilización dos ecossistemas e apostam por umha gestão comunitária dos mesmos; e leva-nos a apreciar a virtualidade da persistencia das economias agrícolas onde a força de traballo segue a ser abundante (o nosso país pode ser um exemplo) devido á utilización primordial de recursos renováveis. A defensa da agricultura intensiva em traballo vem motivada só polo elevadísimo consumo de recursos non renováveis por parte de algumha gente, nalgúmhas áreas, e com fins principalmente non agrícolas.

Em resumo, partir da dependencia que as actividades económicas tenhem do entorno, identificar os efectos a longo prazo das mesmas e tender face modelos de desenvolvimeto igualitários son as principais proposições do libro comentado. Libro recomendável a todos aqueles preocupados pola sinrazom dominante que destrue, en aras "do progreso", o capital armazenado ao longo do tempo.



COREMAIN
PROYECTOS
EN INFORMATICA
Y COMUNICACIONES

García Prieto, 3, Entlo. C
Santiago de Compostela
Teléfonos: 59 23 25 - 59 20 26



TORCULO

Venta de papel reciclado

- * FOTOCOPIAS
- * ENCADERNACIÓN
- * OFFSET
- * COMPOSICIÓN DE TEXTOS
- * FOTOCOPIAS A COLOR
- * REPRODUCCIÓN DE PLANOS

Mazarelos, 14
Teléfono: 58 55 78
SANTIAGO

Rosalía de Castro, 51
Teléfono: 59 78 55
SANTIAGO



VELOCIPEDO

Rúa San Pedro, 23
Teléfono 58 02 60
SANTIAGO

**CARREIRAS E
MONTAÑA**

Rúa San Pedro, 23
Teléfono 58 02 60
SANTIAGO

MATERIAIS DE ADEGA QUE SE PODEN CONSEGUIR NO NOSO LOCAL.

LIBROS:

- I Xornadas de Educación Ambiental (400 ptas)
- Celulosas e Progreso (400 ptas)
- Eucaliptos, Celulosas e o Forestal Galego (700 ptas)

REVISTAS (300 ptas/número):

- Albadabranca: números 0 (esgotado), 1,2,3 e 4.
- Adega: números 1,2,3 e 4.

DOSIERS:

- A contaminación e deterioro ecológico dos ríos Sar e Sarela (100 ptas).
- Vivir sen nucleares (100 ptas).
- Informe impacto ambiental de Papelga (200 ptas).
- Papel reciclado.

FOLLASINFORMATIVAS/

DIPTICOS (distribución gratuita):

- Pola seguridade das nosas costas (o "Casón").
- Informe celulosas, 1989.
- Recuperemos os ríos Sar e Sarela, 1990.
- Informe Eurogalicia Forestal e Papelga, 1991.
- Vivir sen nucleares, 1991.
- Roteiros ecológicos: Baldaio, Pico Sagro, Fervenza de Merza-Mosteiro de Carboeiro.

-Boletíns informativos Adega-Santiago.

Pedidos en:

Rua de Touro 21, 2º, Santiago. Tfno.: 57.00.99.

En colaboración con outros grupos ou entidades están-se elaborando unha Guia Verde e un libro sobre papel reciclado. Asimesmo Adega está a editar un libro sobre Baldaio (próxima aparición), e ten en preparación outro sobre tratamento de resíduos.

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Apdo. de Correos núm. 1.183. 15080 A Coruña

FOLLA DE INSCRIPCIÓN

SÓCIA/O NÚM. _____

Nome e Apelidos _____

Endereço _____ Nº. _____ Piso _____

Teléfono Localidade _____

Natural de Provincia _____

Data de Nacemento _____ Profesión _____

D.N.I. _____

Couta Sócia/o. 1.000 ptas. ao trimestre. Suscripción revista (4 números): Individual (1.500 ptas.), Entidades (3.000 pts.) Bibliotecas públicas e escolares (1.500 pts.)

COLABORA CON ADEGA, FAI-TE SÓCIA/O

A Coruña, a _____ de _____ de 199

Banco _____ Sucursal _____

Localidade _____

Conta núm. _____

Titular _____

Estimados Sres.:

Prego a Vdes. que até novo aviso fagan efectivos á ASOCIACIÓN PAR A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA), con cárrego a miña conta os recibos que trimestralmente e ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Saúda-os atentamente,

Asdo. _____

Por favor, remita esta carta a ADEGA, para que unha vez anotada a faga seguir ao Banco.

Conecta cos enderezos ou apartados de correos:

A CORUÑA.....1.183

MARÍN.....91

A ESTRADA.... R/ Lagartóns, s/n.

OURENSE.....439

FERROL.....Mosteiro, 11

SANTIAGO.... R/Touro, 21-2º

- Franxa-Mugardos

VIGO.....920

LUGO..... 405

PONTEDEUME....121

FERROL: R/ Alonso López 50-52 1º B

CARBALLIÑO....Avda. do Parque 61.



A D E G A